

Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, ou calquera outro certificado electrónico admitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acordo co previsto na Orde HAC/1181/2003, do 12 de maio, polo que se establecen normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións tributarias por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Se a presentación telemática vai ser realizada por unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, será esta persoa ou entidade autorizada quen deberá ter instalado no navegador o seu certificado de usuario.

2. Para efectuar a presentación telemática das declaracións correspondentes ao modelo 187, o declarante, ou, de ser o caso, o presentador autorizado, deberá transmitir os ficheiros axustados aos deseños de rexistros tipo 1 e 2 establecidos na Orde do 15 de decembro de 1999, pola que se aproba o citado modelo.

3. Presentación de declaracións con deficiencias de tipo formal. Naqueles casos en que se detecten anomalías de tipo formal na transmisión telemática de declaracións, esta circunstancia porase en coñecemento do declarante polo propio sistema mediante as correspondentes mensaxes de erro, para que proceda á súa corrección.

4. As persoas ou entidades autorizadas a presentar por vía telemática declaracións en representación de terceiras persoas, de acordo co disposto no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, que desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios e na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, pola que se establecen os supostos e condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos, e se estende esta expresamente á presentación telemática de determinados modelos de declaración e outros modelos tributarios, poderán facer uso de tal facultade respecto da declaración a que se refire este artigo.

Artigo 6. *Procedemento para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes ao modelo 187.*

1. O procedemento para a presentación telemática das declaracións correspondentes ao modelo 187 será o seguinte:

a) O declarante conectarase á páxina da Axencia Estatal de Administración Tributaria na internet, enderezo electrónico www.agenciatributaria.es e seleccionará, dentro da oficina virtual, o concepto fiscal e o tipo de declaración para transmitir.

b) A continuación, procederá a transmitir a correspondente declaración coa sinatura electrónica xerada ao seleccionar o certificado de usuario X.509.V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, ou calquera outro certificado electrónico admitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

c) Se a declaración é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle en pantalla os datos do rexistro tipo 1 validados cun código electrónico de 16 caracteres, ademais da data e hora de presentación.

No suposto de que a presentación fose rexeitada, mostraranse en pantalla os datos do rexistro tipo 1, e a descrición dos erros detectados, debendo procederse á súa corrección.

O presentador deberá imprimir e conservar a declaración aceptada, así como o rexistro tipo 1 debidamente validado co correspondente código electrónico.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

A partir da entrada en vigor desta orde quedan derogados todos aqueles preceptos de ordes ministeriais que regulan normas de presentación de declaracións que se opoñan ao establecido na presente orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado e terá efectos para os resumos anuais e declaracións informativas sinaladas na presente orde cuxo prazo regulamentario de presentación se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2008 e para as autoliquidacións cuxo prazo regulamentario de presentación se inicie a partir do 1 de abril de 2008.

Non obstante, a obrigatoriedade de presentación telemática das autoliquidacións do artigo 2 será exigible para aquelas cuxo prazo regulamentario de presentación se inicie a partir do 1 de outubro de 2008.

Madrid, 23 de novembro de 2007.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

(Os modelos a que alude esta orde poden consultarse, en castelán, no BOE núm. 286, do 29 de novembro de 2007, páxinas 48837 a 48848.)

20553 *ORDE EHA/3462/2007, do 26 de novembro, que desenvolve para o ano 2008 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido. («BOE» 287, do 30-11-2007.)*

O artigo 32 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e o artigo 37 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, establecen que o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido se aplicarán ás actividades que determine o ministro de Economía e Facenda. Por tanto, esta orde ten por obxecto darlles cumprimento para o exercicio 2008 aos mandatos contidos nos mencionados preceptos regulamentarios.

Esta orde mantén a estrutura da Orde EHA/804/2007, do 30 de marzo, que desenvolve para o ano 2007 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido. Non obstante, debido á elevación dos custos de produción, redúcense os índices de rendemento neto aplicables no método de estimación obxectiva a determinadas actividades agrícolas e gandeiras.

Por outra parte, de acordo co previsto na orde para 2007, na disposición adicional primeira procédese á redución de determinados signos, índices ou módulos aplicables ás actividades de transporte, para paliar o efecto producido polo prezo do gasóleo no exercicio 2007 nestas actividades económicas.

De igual xeito, na disposición adicional segunda, establécense medidas provisionais para a determinación dos pagamentos fraccionados no método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e redúcense as porcentaxes aplicables para o cálculo das

cotas trimestrais no réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido, que van realizar en 2008 as actividades de transporte, sen prexuízo da súa revisión unha vez coñecido o prezo medio de gasóleo neste último exercicio.

Por último, na disposición adicional terceira redúcese a porcentaxe para o cálculo da cota xerada por operacións correntes no réxime simplificado no IVE para determinadas actividades gandeiras afectadas por crises sectoriais que condicionan a política de prezos e o volume de operacións das explotacións. Neste caso, a redución efectúase ao abeiro do artigo 38.3 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo artigo 1 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, que habilita o ministro de Facenda, ante circunstancias excepcionais, para reducir os índices ou módulos aplicables no réxime simplificado dese imposto.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Actividades incluídas no método de estimación obxectiva e no réxime especial simplificado.*

1. De conformidade cos artigos 32 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e 37 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo artigo 1 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido serán aplicables ás actividades ou aos sectores de actividade que a seguir se mencionan:

IAE	Actividade económica
División 0	Gandaría independente.
–	Servizos de cría, garda e engorda de gando.
–	Outros traballos, servizos e actividades accesorios realizados por agricultores ou gandeiros que estean excluídos ou non incluídos no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido.
–	Outros traballos, servizos e actividades accesorios realizados por titulares de actividades forestais que estean excluídos ou non incluídos no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido.
–	Aproveitamentos que lle correspondan ao cedente nas actividades agrícolas desenvolvidas no réxime de parzaría.
–	Aproveitamentos que lle correspondan ao cedente nas actividades forestais desenvolvidas en réxime de parzaría.
–	Procesos de transformación, elaboración ou manufactura de produtos naturais, vexetais ou animais, que requiran a alta nunha epígrafe correspondente a actividades industriais nas tarifas do imposto sobre actividades económicas e sexan realizados polos titulares das explotacións das cales se obteñan directamente eses produtos naturais.
314 e 315 316.2, 3, 4 e 9	Carpintaría metálica e fabricación de estruturas metálicas e caldeiraría. Fabricación de artigos de ferraxaría, cerrallaría, parafusaría, derivados do arame, utensilios de cociña e outros artigos en metais n.c.o.p.
419.1	Industrias do pan e da repostaría.
419.2	Industrias da repostaría, pastelería e galletas.
419.3	Industrias de elaboración de masas fritas.
423.9	Elaboración de patacas fritas, flocos de millo e similares.
453	Confección en serie de roupa de vestir e os seus complementos, excepto cando a súa execución se realice maioritariamente por encarga a terceiros.
453	Confección en serie de roupa de vestir e os seus complementos, executada directamente pola propia empresa, cando se realice exclusivamente para terceiros e por encarga.
463	Fabricación en serie de pezas de carpintaría, parqué e estruturas de madeira para a construción.
468	Industria do moble de madeira.
474.1	Impresión de textos ou imaxes.
501.3	Albanelaría e pequenos traballos de construción en xeral.
504.1	Instalacións e montaxes (excepto fontanaría, frío, calor e acondicionamento de aire).
504.2 e 3 504.4, 5, 6, 7 e 8	Instalacións de fontanaría, frío, calor e acondicionamento de aire. Instalación de pararraios e similares. Montaxe e instalación de cociñas de todo tipo e clase, con todos os seus accesorios. Montaxe e instalación de aparellos elevadores de calquera clase e tipo. Instalacións telefónicas, telegráficas, telegráficas sen fíos e de televisión, en edificios e construcións de calquera clase. Montaxes metálicas e instalacións industriais completas, sen vender nin entregar a maquinaria nin os elementos obxecto da instalación ou montaxe.
505.1, 2, 3 e 4	Revestimentos, sollados e pavimentos e colocación de illamentos.
505.5	Carpintaría e cerrallaría.
505.6	Pintura de calquera tipo e clase e revestimento con papel, tecidos ou plásticos e remate e decoración de edificios e locais.
505.7	Traballos en xeso e escaiola e decoración de edificios e locais.
642.1, 2, 3	Elaboración de produtos de chacinaría por retallistas de carne.
642.5	Comerciantes retallistas matriculados na epígrafe 642.5 polo asado de polos.
644.1	Comercio ao retallo de pan, pastelería, confeitaría e similares e de leite e produtos lácteos.
644.2	Despachos de pan, pans especiais e bolaría.
644.3	Comercio ao retallo de produtos de pastelería, bolaría e de confeitaría.
644.6	Comercio ao retallo de masas fritas, con ou sen coberturas ou recheos, patacas fritas, produtos de aperitivo, froitos secos, lambetadas, preparados de chocolate e bebidas refrescantes.
647.1	Comerciantes retallistas matriculados na epígrafe 647.1 polo servizo de comercialización de lotarías.
647.2 e 3	Comerciantes retallistas matriculados na epígrafe 647.2 e 3 polo servizo de comercialización de lotarías.

IAE	Actividade económica
652.2 e 3	Comerciantes retallistas matriculados na epígrafe 652.2 e 3 polo servizo de comercialización de lotarías.
653.2	Comercio ao retallo de material e aparellos eléctricos, electrónicos, electrodomésticos e outros aparellos de uso doméstico accionados por outro tipo de enerxía distinta da eléctrica, así como mobles de cociña.
653.4 e 5	Comercio ao retallo de materiais de construción, artigos e mobiliario de saneamento, portas, ventás, persianas, etc.
654.2	Comercio ao retallo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.
654.5	Comercio ao retallo de toda clase de maquinaria (excepto aparellos domésticos, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos).
654.6	Comercio ao retallo de cubertas, bandas ou bandaxes e cámaras de aire para toda clase de vehículos, excepto as actividades de comercio por xunto dos artigos citados.
659.3	Comerciantes retallistas matriculados na epígrafe 659.3 polo servizo de recollida de negativos e outro material fotográfico impresionado para o seu procesamento en laboratorio de terceiros e a entrega das correspondentes copias e ampliacións.
659.4	Comerciantes retallistas matriculados na epígrafe 659.4 polo servizo de publicidade exterior e comercialización de tarxetas de transporte público, tarxetas de uso telefónico e outras similares, así como lotarías.
662.2	Comerciantes retallistas matriculados na epígrafe 662.2 polo servizo de comercialización de lotarías.
663.1	Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente dedicado exclusivamente á comercialización de masas fritas, con ou sen coberturas ou recheos, patacas fritas, produtos de aperitivo, froitos secos, lambetadas, preparación de chocolate e bebidas refrescantes, e facultado para a elaboración dos produtos propios de churraría e patacas fritas na propia instalación ou vehículo.
671.4	Restaurantes de dous garfos.
671.5	Restaurantes dun garfo.
672.1, 2 e 3	Cafetarías.
673.1	Cafés e bares de categoría especial.
673.2	Outros cafés e bares.
675	Servizos en quioscos, postos, barracas ou outros locais análogos.
676	Servizos en chocolatarías, xeadarías e orcharías.
681	Servizo de hospedaxe en hoteis e moteis dunha ou dúas estrelas.
682	Servizo de hospedaxe en hostais e pensións.
683	Servizo de hospedaxe en fondas e casas de hóspedes.
691.1	Reparación de artigos eléctricos para o fogar.
691.2	Reparación de vehículos automóbiles, bicicletas e outros vehículos.
691.9	Reparación de calzado.
691.9	Reparación doutros bens de consumo n.c.o.p. (excepto reparación de calzado, restauración de obras de arte, mobles, antigüidades e instrumentos musicais).
692	Reparación de maquinaria industrial.
699	Outras reparacións n.c.o.p.
721.1 e 3	Transporte urbano colectivo e de viaxeiros por estrada.
721.2	Transporte por autotaxis.
722	Transporte de mercadorías por estrada.
751.5	Engraxamento e lavado de vehículos.
757	Servizos de mudanzas.
933.1	Ensino de condución de vehículos terrestres, acuáticos, aeronáuticos, etc.
933.9	Outras actividades de ensino, tales como idiomas, corte e confección, mecanografía, taquigrafía, preparación de exames e oposicións e similares n.c.o.p.
967.2	Escolas e servizos de perfeccionamento do deporte.
971.1	Tinxidura, limpeza en seco, lavado e pasada de ferro de roupa feita e de pezas e artigos do fogar usados.
972.1	Servizos de perrucaría de señora e cabaleiro.
972.2	Salóns e institutos de beleza.
973.3	Servizos de copias de documentos con máquinas fotocopiadoras.

2. A determinación das operacións económicas incluídas en cada actividade deberase efectuar de acordo coas normas do imposto sobre actividades económicas.

Así mesmo, comprenderán en cada actividade as operacións económicas que se inclúen expresamente nos anexos I e II desta orde, sempre que se desenvolvan con carácter accesorio á actividade principal.

Para as actividades recollidas no anexo II desta orde, considerarase accesoria á actividade principal aquela cuxo volume de ingresos non supere o 40 por cento do volume correspondente á actividade principal. Para as actividades recollidas no anexo I observarase o concepto que se indica no artigo 3 desta orde.

Artigo 2. *Actividades incluídas no método de estimación obxectiva.*

1. De conformidade co artigo 32 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas será aplicable, ademais, ás actividades a que resulte de aplicación o réxime especial da agricultura, gandaría e pesca ou o da recarga de equivalencia do imposto sobre o valor engadido, que a seguir se mencionan:

IAE	Actividade económica
-	Agrícola ou gandeira susceptible de estar incluída no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido.
-	Actividade forestal susceptible de estar incluída no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido.
-	Produción de mexillón en batea.
641	Comercio ao retallo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.
642.1, 2, 3 e 4	Comercio ao retallo de carne e miúdos; de produtos e derivados cárnicos elaborados, salvo tendas especializadas.
642.5	Comercio ao retallo de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.
642.6	Comercio ao retallo, en tendas especializadas, de vísceras e miúdos procedentes de animais de abasto, frescos e conxelados.
643.1 e 2	Comercio ao retallo de peixe e outros produtos da pesca e da acuicultura e de caracois.
644.1	Comercio ao retallo de pan, pastelería, confeitaría e similares e de leite e produtos lácteos.
644.2	Despachos de pan, pans especiais e bolaría.
644.3	Comercio ao retallo de produtos de pastelería, bolaría e confeitaría.
644.6	Comercio ao retallo de masas fritas, con ou sen coberturas ou recheos, patacas fritas, produtos de aperitivo, froitos secos, lambetadas, preparados de chocolate e bebidas refrescantes.
647.1	Comercio ao retallo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.
647.2 e 3	Comercio ao retallo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 400 metros cadrados.
651.1	Comercio ao retallo de produtos téxtiles, confeccións para o fogar, alfombras e similares e artigos de tapizaría.
651.2	Comercio ao retallo de toda clase de pezas para o vestido e toucado.
651.3 e 5	Comercio ao retallo de lenzaría, xustillos e pezas especiais.
651.4	Comercio ao retallo de artigos de mercería e paquetaría.
651.6	Comercio ao retallo de calzado, artigos de pel e imitación ou produtos substitutivos, cintos, carteiras, bolsos, maletas e artigos de viaxe en xeral.
652.2 e 3	Comercio ao retallo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración, de produtos químicos e de artigos para a hixiene e o aseo persoal.
653.1	Comercio ao retallo de mobles.
653.2	Comercio ao retallo de material e aparellos eléctricos, electrónicos, electrodomésticos e outros aparellos de uso doméstico accionados por outro tipo de enerxía distinta da eléctrica, así como mobles de cociña.
653.3	Comercio ao retallo de artigos de cociña, ferraxaría, adorno, agasallo ou reclamo (incluíndo bixutaría e pequenos electrodomésticos).
653.9	Comercio ao retallo doutros artigos para o equipamento do fogar n.c.o.p.
654.2	Comercio ao retallo de accesorios e pezas de recambio para vehículos sen motor.
654.6	Comercio ao retallo de cubertas, bandas ou bandaxes e cámaras de aire para vehículos terrestres sen motor, excepto as actividades de comercio por xunto dos artigos citados.
659.2	Comercio ao retallo de mobles de oficina e de máquinas e equipamentos de oficina.
659.3	Comercio ao retallo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.
659.4	Comercio ao retallo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes, excepto en quioscos situados na vía pública.
659.4	Comercio ao retallo de prensa, revistas e libros en quioscos situados na vía pública.
659.6	Comercio ao retallo de brinquedos, artigos de deporte, artigos deportivos de vestido, calzado e toucado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia.
659.7	Comercio ao retallo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.
662.2	Comercio ao retallo de toda clase de artigos, incluíndo alimentación e bebidas, en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e na epígrafe 662.1.
663.1	Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente de produtos alimenticios, mesmo bebidas e xeados.
663.2	Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente de artigos téxtiles e de confección.
663.3	Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente de calzado, peles e artigos de coiro.
663.4	Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente de artigos de drogaría e cosméticos e de produtos químicos en xeral.
663.9	Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente doutras clases de mercadorías n.c.o.p.

2. A determinación das operacións económicas incluídas en cada actividade deberase efectuar de acordo coas normas do imposto sobre actividades económicas.

Así mesmo, comprenderanse en cada actividade as operacións económicas que se inclúen expresamente nos anexos I e II desta orde, sempre que se desenvolvan con carácter accesorio á actividade principal.

Para as actividades recollidas no anexo II desta orde, considerarase accesorio á actividade principal aquela

cuxo volume de ingresos non supere o 40 por cento do volume correspondente á actividade principal. Para as actividades recollidas no anexo I observarase o concepto que se indica no artigo 3 desta orde.

Artigo 3. *Magnitudes excluíntes.*

1. Non obstante o disposto nos artigos 1 e 2 desta orde, o método de estimación obxectiva do imposto

sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido non serán aplicables ás actividades ou sectores de actividade que superen as seguintes magnitudes:

- a) Magnitude aplicable ao conxunto de actividades: 450.000 euros de volume de ingresos anuais.

Para estes efectos, só se computarán:

As operacións que se deban anotar no libro rexistro de vendas ou ingresos previsto no artigo 69.7 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, ou no libro rexistro previsto no artigo 40.1 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo artigo 1 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

As operacións, non incluídas no parágrafo anterior, por que estean obrigados a expedir e conservar facturas, de acordo co disposto no número 2 do artigo 2.º do Regulamento que regula as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, con excepción das operacións comprendidas no artigo 121, número tres, da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e dos arrendamentos de bens inmobles que non se cualifiquen como rendementos de actividade económica.

Non obstante, para os efectos do método de estimación obxectiva, deberanse computar non só as operacións correspondentes ás actividades económicas desenvolvidas polo contribuínte, senón tamén as correspondentes ás desenvolvidas polo cónxuxe, descendentes e ascendentes, ben como polas entidades en réxime de atribución de rendas en que participe calquera dos anteriores, nas cales concorran as seguintes circunstancias:

Que as actividades económicas desenvolvidas sexan idénticas ou similares. Para estes efectos, entenderanse que son idénticas ou similares as actividades económicas clasificadas no mesmo grupo no imposto sobre actividades económicas.

Que exista unha dirección común de tales actividades, compartíndose medios persoais ou materiais.

Cando se trate de entidades en réxime de atribución de rendas, deberanse computar non só as operacións correspondentes ás actividades económicas desenvolvidas pola propia entidade en réxime de atribución, senón tamén as correspondentes ás desenvolvidas polos seus socios, herdeiros, comeneiros ou partícipes; os cónxuxes, descendentes e ascendentes destes; ben como por outras entidades en réxime de atribución de rendas en que participe calquera das persoas anteriores, nas cales concorran as circunstancias sinaladas no parágrafo anterior.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o volume de ingresos elevarase ao ano.

- b) Magnitude en función do volume de ingresos:

300.000 euros de volume de ingresos nas seguintes actividades:

«Gandaría independente».

«Servizos de cría, garda e engorda de gando».

«Outros traballos, servizos e actividades accesorios realizados por agricultores ou gandeiros que estean excluídos ou non incluídos no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido».

«Outros traballos, servizos e actividades accesorios realizados por titulares de actividades forestais que estean excluídos ou non incluídos no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido».

«Aproveitamentos que correspondan ao cedente nas actividades agrícolas desenvolvidas en réxime de parzaría».

«Aproveitamentos que correspondan ao cedente nas actividades forestais desenvolvidas en réxime de parzaría».

«Agrícola ou gandeira susceptible de estar incluída no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido».

«Forestal susceptible de estar incluída no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido».

«Procesos de transformación, elaboración ou manufactura de produtos naturais, vexetais ou animais, que requiran a alta nunha epígrafe correspondente a actividades industriais nas tarifas do imposto sobre actividades económicas e sexan realizadas polos titulares das explotacións das cales se obteñan directamente eses produtos naturais».

Sen prexuízo do sinalado nos parágrafos anteriores desta letra, as actividades «Outros traballos, servizos e actividades accesorios realizados por agricultores e/ou gandeiros que estean excluídos ou non incluídos no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido» e «Outros traballos, servizos e actividades accesorios realizados por titulares de actividades forestais que estean excluídos ou non incluídos no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido» recollidas no artigo 1 desta orde, só quedarán sometidas ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e, se é o caso, ao réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido, se o volume de ingresos conxunto imputable a elas resulta inferior ao correspondente ás actividades agrícolas e/ou gandeiras ou forestais principais.

Para os efectos do método de estimación obxectiva, deberanse computar non só as operacións correspondentes ás actividades económicas desenvolvidas polo contribuínte, senón tamén as correspondentes ás desenvolvidas polo cónxuxe, descendentes e ascendentes, ben como polas entidades en réxime de atribución de rendas en que participe calquera dos anteriores, nas cales concorran as circunstancias sinaladas na alínea a) anterior.

Cando se trate de entidades en réxime de atribución de rendas, deberanse computar non só as operacións correspondentes ás actividades económicas desenvolvidas pola propia entidade en réxime de atribución, senón tamén as correspondentes ás desenvolvidas polos seus socios, herdeiros, comeneiros ou partícipes; os cónxuxes, descendentes e ascendentes destes; ben como por outras entidades en réxime de atribución de rendas en que participe calquera das persoas anteriores, nas cales concorran as circunstancias sinaladas na alínea a) anterior.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o volume de ingresos elevarase ao ano.

Para efectos do disposto nas alíneas a) e b) anteriores, o volume de ingresos incluirá a totalidade dos obtidos no conxunto das mencionadas actividades, non computándose entre eles as subvencións correntes ou de capital nin as indemnizacións, ben como tampouco o imposto sobre o valor engadido e, se é o caso, a recarga de equivalencia que grave a operación, para aquelas actividades que tributen polo réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido.

- c) Magnitude en función do volume de compras en bens e servizos:

300.000 euros anuais para o conxunto de todas as actividades económicas desenvolvidas. Dentro deste límite teranse en conta as obras e servizos subcontratados e excluíranse as adquisicións de inmovilizado.

Para os efectos do método de estimación obxectiva, deberanse computar non só as operacións correspondentes ás actividades económicas desenvolvidas polo contri-

buínte, senón tamén as correspondentes ás desenvolvidas polo cónxuxe, descendentes e ascendentes, ben como polas entidades en réxime de atribución de rendas en que participe calquera dos anteriores, nas cales concorran as circunstancias sinaladas na alínea a) anterior.

Cando se trate de entidades en réxime de atribución de rendas, deberanse computar non só as operacións correspondentes ás actividades económicas desenvolvidas pola propia entidade en réxime de atribución, senón tamén as

correspondentes ás desenvolvidas polos seus socios, herdeiros, comuneiros ou partícipes; os cónxuxes, descendentes e ascendentes destes; ben como por outras entidades en réxime de atribución de rendas en que participe calquera das persoas anteriores, nas cales concorran as circunstancias sinaladas na alínea a) anterior.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o volume de compras elevarase ao ano.

d) Magnitudes específicas:

Actividade económica	Magnitude
Produción de mexillón en batea	5 bateas en calquera día do ano.
Carpintería metálica e fabricación de estruturas metálicas e caldeiraría	4 persoas empregadas.
Fabricación de artigos de ferraxaría, cerrallaría, parafusaría, derivados do arame, utensilios de cociña e outros artigos en metais non clasificados noutra parte	5 persoas empregadas.
Industrias do pan e da bolaría	6 persoas empregadas.
Industrias da bolaría, pastelería e galletas	6 persoas empregadas.
Industrias de elaboración de masas fritas	6 persoas empregadas.
Elaboración de patacas fritas, flocos de millo e similares	6 persoas empregadas.
Confección en serie de roupa de vestir e os seus complementos, excepto cando a súa execución se realice maioritariamente por encarga a terceiros	5 persoas empregadas.
Confección en serie de roupa de vestir e os seus complementos, executada directamente pola propia empresa, cando se realice exclusivamente para terceiros e por encarga	5 persoas empregadas.
Fabricación en serie de pezas de carpintería, parqué e estruturas de madeira para a construción	5 persoas empregadas.
Industria do moble de madeira	4 persoas empregadas.
Impresión de textos ou imaxes	4 persoas empregadas.
Albanaría e pequenos traballos de construción en xeral	6 persoas empregadas.
Instalacións e montaxes (excepto fontanaría, frío, calor e acondicionamento de aire)	3 persoas empregadas.
Instalacións de fontanaría, frío, calor e acondicionamento de aire	4 persoas empregadas.
Instalación de pararraios e similares. Montaxe e instalación de cociñas de todo tipo e clase, con todos os seus accesorios. Montaxe e instalación de aparellos elevadores de calquera clase e tipo. Instalacións telefónicas, telegráficas, telegráficas sen fíos e de televisión, en edificios e construcións de calquera clase. Montaxes metálicas e instalacións industriais completas, sen vender nin achegar a maquinaria nin os elementos obxecto da instalación ou montaxe	3 persoas empregadas.
Revestimentos, sollados e pavimentos e colocación de illamentos	4 persoas empregadas.
Carpintería e cerrallaría	4 persoas empregadas.
Pintura de calquera tipo e clase e revestimento con papel, tecidos ou plásticos e terminación e decoración de edificios e locais	3 persoas empregadas.
Traballos en xeso e escaiola e decoración de edificios e locais	3 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos	5 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de carne e miúdos; de produtos e derivados cárnicos elaborados	5 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de ovos, aves, coellos de granxa, caza e de produtos derivados deles	4 persoas empregadas.
Comercio ao retallo, en tendas especializadas, de vísceras e miúdos procedentes de animais de abasto, frescos e conxelados	5 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de peixe e outros produtos da pesca e da acuicultura e de caracóis	5 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de pan, pastelería, confeitaría e similares e de leite e produtos lácteos	6 persoas empregadas.
Despachos de pan, pans especiais e bolaría	6 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de produtos de pastelería, bolaría e confeitaría	6 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de masas fritas, con ou sen coberturas ou recheos, patacas fritas, produtos de aperitivo, froitos secos, lambetadas, preparados de chocolate e bebidas refrescantes	6 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor	5 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 400 metros cadrados	4 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de produtos téxtiles, confeccións para o fogar, alfombras e similares e artigos de tapizaría	4 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de toda clase de pezas para o vestido e toucado	5 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de lenzaría, xustillos e pezas especiais	3 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de artigos de mercería e paquetaría	4 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de calzado, artigos de pel e imitación ou produtos substitutivos, cintos, carteiras, bolsos, maletas e artigos de viaxe en xeral	5 persoas empregadas.

Actividade económica	Magnitude
Comercio ao retallo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración, e de produtos químicos e de artigos para a hixiene e o aseo persoal	4 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de mobles	4 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de material e aparellos eléctricos, electrónicos, electrodomésticos e outros aparellos de uso doméstico accionados por outro tipo de enerxía distinta da eléctrica, ben como mobles de cociña	3 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de utensilios de cociña, ferraxaría, adorno, agasallo ou reclamo (incluíndo bixutaría e pequenos electrodomésticos)	4 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de materiais de construción, artigos e mobiliario de saneamento, portas, ventás, persianas, etc.	3 persoas empregadas.
Comercio ao retallo doutros artigos para o equipamento do fogar n.c.o.p.	3 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres	4 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de toda clase de maquinaria (excepto aparellos domésticos, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos)	3 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de cubertas, bandas ou bandaxes e cámaras de aire para toda clase de vehículos	4 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de mobles de oficina e de máquinas e equipamentos de oficina	4 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos	3 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes, excepto en quioscos situados na vía pública	3 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de prensa, revistas e libros en quioscos situados na vía pública	2 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de brinquedos, artigos de deporte, pezas deportivas de vestido, calzado e toucado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia	3 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais	4 persoas empregadas.
Comercio ao retallo de toda clase de artigos, incluíndo alimentación e bebidas, en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e na epígrafe 662.1	3 persoas empregadas.
Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente de produtos alimenticios, mesmo bebidas e xeados	2 persoas empregadas.
Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente de artigos téxtiles e de confección	2 persoas empregadas.
Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente de calzado, peles e artigos de coiro	2 persoas empregadas.
Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente de artigos de drogaría e cosméticos e de produtos químicos en xeral	2 persoas empregadas.
Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente doutras clases de mercadorías n.c.o.p.	2 persoas empregadas.
Restaurantes de dous garfos	10 persoas empregadas.
Restaurantes dun garfo	10 persoas empregadas.
Cafetarías	8 persoas empregadas.
Cafés e bares de categoría especial	8 persoas empregadas.
Outros cafés e bares	8 persoas empregadas.
Servizos en quioscos, postos, barracas ou outros locais análogos	3 persoas empregadas.
Servizos en chocolatarías, xeadarías e orchararías	3 persoas empregadas.
Servizo de hospedaxe en hotéis e moteis dunha ou dúas estrelas	10 persoas empregadas.
Servizo de hospedaxe en hostais e pensións	8 persoas empregadas.
Servizo de hospedaxe en fondas e casas de hóspedes	8 persoas empregadas.
Reparación de artigos eléctricos para o fogar	3 persoas empregadas.
Reparación de vehículos automóbiles, bicicletas e outros vehículos	5 persoas empregadas.
Reparación de calzado	2 persoas empregadas.
Reparación doutros bens de consumo n.c.o.p (excepto reparación de calzado, restauración de obras de arte, mobles antigüidades e instrumentos musicais)	2 persoas empregadas.
Reparación de maquinaria industrial	2 persoas empregadas.
Outras reparacións n.c.o.p.	2 persoas empregadas.
Transporte urbano colectivo e de viaxeiros por estrada	5 vehículos calquera día do ano.
Transporte por autotaxis	3 vehículos calquera día do ano.
Transporte de mercadorías por estrada	5 vehículos calquera día do ano.
Engraxamento e lavado de vehículos	5 persoas empregadas.
Servizos de mudanzas	5 vehículos calquera día do ano.
Ensino de condución de vehículos terrestres, acuáticos, aeronáuticos, etc.	4 persoas empregadas.
Outras actividades de ensino, tales como idiomas, corte e confección, mecanografía, taquigrafía, preparación de exames e oposicións e similares n.c.o.p.	5 persoas empregadas.
Escolas e servizos de perfeccionamento do deporte	3 persoas empregadas.
Tinxidura, limpeza en seco, lavado e pasada de ferro de roupas feitas e de roupa e artigos do fogar usados	4 persoas empregadas.
Servizos de perrucaría de señora e cabaleiro	6 persoas empregadas.
Salóns e institutos de beleza	6 persoas empregadas.
Servizos de copias de documentos con máquinas fotocopiadoras	4 persoas empregadas.

Para os efectos do método de estimación obxectiva, deberase computar non só a magnitude específica correspondente á actividade económica desenvolvida polo contribuínte, senón tamén as correspondentes ás desenvolvidas polo cónxuxe, descendentes e ascendentes, ben como polas entidades en réxime de atribución de rendas en que participe calquera dos anteriores, nas cales concorran as circunstancias sinaladas na alínea a) anterior.

Cando se trate de entidades en réxime de atribución de rendas, deberase computar non só a magnitude específica correspondente á actividade económica desenvolvida pola propia entidade en réxime de atribución, senón tamén as correspondentes ás desenvolvidas polos seus socios, herdeiros, comuneiros ou partícipes; os cónxuxes, descendentes e ascendentes destes; ben como por outras entidades en réxime de atribución de rendas en que participe calquera das persoas anteriores, nas cales concorran as circunstancias sinaladas na alínea a) anterior.

Para o cómputo da magnitude que determine a inclusión no método de estimación obxectiva ou, se é o caso, do réxime simplificado, considéranse as persoas empregadas ou vehículos ou bateas que se utilicen para o desenvolvemento da actividade principal e de calquera actividade accesoria incluída no réxime, de conformidade co número 2 dos artigos 1 e 2 desta orde.

O persoal empregado determinarase pola media ponderada correspondente ao período en que se exerce a actividade durante o ano inmediato anterior.

O persoal empregado comprenderá tanto o non asalariado como o asalariado. Para os efectos de determinar a media ponderada aplicaranse exclusivamente as seguintes regras:

Só se terá en conta o número de horas traballadas durante o período en que se exerce a actividade durante o ano inmediato anterior.

Computarase como unha persoa non asalariada a que traballe na actividade polo menos 1.800 horas/ano. Cando o número de horas de traballo ao ano sexa inferior a 1.800, estimarase como contía da persoa non asalariada a proporción existente entre o número de horas efectivamente traballadas no ano e 1.800.

Non obstante, o empresario computarase como unha persoa non asalariada. Naqueles supostos en que se poida acreditar unha dedicación inferior a 1.800 horas/ano por causas obxectivas, tales como xubilación, incapacidade, pluralidade de actividades ou peche temporal da explotación, computarase o tempo efectivo dedicado á actividade. Nestes supostos, para a cuantificación das tarefas de dirección, organización e planificación da actividade e, en xeral, as inherentes á titularidade dela, computarase o empresario en 0,25 persoas/ano, salvo cando se acredite unha dedicación efectiva superior ou inferior.

Computarase como unha persoa asalariada a que traballe o número de horas anuais por traballador fixado no convenio colectivo correspondente ou, na súa falta, 1.800 horas/ano. Cando o número de horas de traballo ao ano sexa inferior ou superior, estimarase como contía da persoa asalariada a proporción existente entre o número de horas efectivamente traballadas e as fixadas no convenio colectivo ou, na súa falta, 1.800.

No primeiro ano de exercicio da actividade terase en conta o número de persoas empregadas ou vehículos ou bateas ao inicio dela.

Cando nun ano natural se superen as magnitudes indicadas neste artigo, o suxeito pasivo quedará excluído, a partir do ano inmediato seguinte, do método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e do réxime simplificado ou do réxime da agricul-

tura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido, cando resulten aplicables por estas actividades.

Os contribuíntes que, por aplicación do disposto neste artigo, queden excluídos do método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, determinarán o seu rendemento neto pola modalidade simplificada do método de estimación directa sempre que reúnan os requisitos establecidos no artigo 28 do Regulamento do imposto e non renuncien á súa aplicación.

2. Tampouco será de aplicación o método de estimación obxectiva ás actividades económicas desenvolvidas, total ou parcialmente, fóra do ámbito de aplicación do imposto sobre a renda das persoas físicas, a que se refire o artigo 4 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.

Para estes efectos, entenderase que as actividades de transporte urbano colectivo e de viaxeiros por estrada, de transporte por autotaxis, de transporte de mercadorías por estrada e de servizos de mudanzas se desenvolven, en calquera caso, dentro do ámbito de aplicación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Artigo 4. *Aprobación dos signos, índices ou módulos.*

De conformidade co artigo 32 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas e 38 e 42 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, apróbanse os signos, índices ou módulos correspondentes ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, ben como os índices e módulos do réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido que serán aplicables durante o ano 2008 ás actividades comprendidas nos artigos 1 e 2, que aparecen, xunto coas instrucións para a súa aplicación, nos anexos I, II e III desta orde.

Artigo 5. *Prazos de renuncias ou revogacións ao método de estimación obxectiva.*

1. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que desenvolvan actividades a que sexa de aplicación o método de estimación obxectiva e desexen renunciar ou revogar a súa renuncia para o ano 2008, disporán, para exercer esa opción, desde o día seguinte ao da data de publicación desta orde no «Boletín Oficial del Estado» ata o 31 de decembro do ano 2007. A renuncia ou revogación deberase efectuar de acordo co previsto no Regulamento polo que se regulan determinados censos tributarios, aprobado polo artigo primeiro do Real decreto 1041/2003, do 1 de agosto.

Non obstante o anterior, tamén se entenderá efectuada a renuncia cando se presente no prazo regulamentario a declaración correspondente ao pagamento fraccionado do primeiro trimestre do ano natural en que deba producir efectos na forma disposta para o método de estimación directa. En caso de inicio da actividade, tamén se entenderá efectuada a renuncia cando se efectúe no prazo regulamentario o pagamento fraccionado correspondente ao primeiro trimestre de exercicio da actividade na forma disposta para o método de estimación directa.

Artigo 6. *Prazos de renuncias ou revogacións ao réxime especial simplificado.*

1. Os suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido que desenvolvan actividades a que sexa de aplicación o réxime especial simplificado e desexen renunciar a el ou revogar a súa renuncia para o ano 2008, disporán, para

exerceren esa opción, desde o día seguinte ao da data de publicación desta orde no «Boletín Oficial del Estado» ata o 31 de decembro do ano 2007. A renuncia ou revogación deberase efectuar de acordo co previsto no Regulamento polo que se regulan determinados censos tributarios, aprobado polo artigo primeiro do Real decreto 1041/2003, do 1 de agosto.

Non obstante o anterior, tamén se entenderá efectuada a renuncia cando se presente en prazo a declaración-liquidación correspondente ao primeiro trimestre do ano natural en que deba producir efectos aplicando o réxime xeral. En caso de inicio da actividade, tamén se entenderá efectuada a renuncia cando a primeira declaración que deba presentar o suxeito pasivo despois do comezo da actividade se presente en prazo aplicando o réxime xeral.

Disposición adicional primeira. *Medidas excepcionais para paliar o efecto producido polo prezo do gasóleo no ano 2007 para determinadas actividades de transporte.*

A) Medida no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Redución de determinados módulos no método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio 2007 para as actividades de transporte.

As actividades de transporte urbano colectivo de viaxeiros por estrada, epígrafe do imposto sobre actividades económicas 721.1 e 3; de transporte de autotaxi, epígrafe 721.2; de transporte de mercadorías por estrada, epígrafe 722, e de servizos de mudanzas, epígrafe 757, que determinen o seu rendemento neto polo método de estimación obxectiva, aplicarán no exercicio 2007, en substitución dos establecidos na Orde EHA/804/2007, do 30 de marzo, pola que se desenvolven para o ano 2007 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido, os seguintes módulos:

Actividade: transporte urbano colectivo e de viaxeiros por estrada

Epígrafe IAE: 721.1 e 3

Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización - Euros
1	Persoal asalariado.	Persoa.	2.981,02
2	Persoal non asalariado.	Persoa.	16.016,97
3	Número de asentos.	Asento.	121,40

Actividade: transporte por autotaxi

Epígrafe IAE: 721.2

Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización - Euros
1	Persoal asalariado.	Persoa.	1.346,27
2	Persoal non asalariado.	Persoa.	7.656,89
3	Distancia percorrida.	1.000 km.	45,08

Actividade: transporte de mercadorías por estrada

Epígrafe IAE: 722

Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización - Euros
1	Persoal asalariado.	Persoa.	2.728,59
2	Persoal non asalariado.	Persoa.	10.090,99
3	Carga vehículos.	Tonelada.	126,21

Actividade: servizo de mudanzas

Epígrafe IAE: 757

Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización - Euros
1	Persoal asalariado.	Persoa.	2.566,32
2	Persoal non asalariado.	Persoa.	10.175,13
3	Carga vehículos.	Tonelada.	48,08

B) Medida no imposto sobre o valor engadido.

Redución no exercicio 2007 da cota mínima aplicable no réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido para determinadas actividades de transporte.

Na declaración-liquidación final do réxime simplificado do exercicio 2007 aplicaranse as porcentaxes seguintes para determinar a cota mínima nas actividades de transporte que se citan a seguir, en lugar dos previstos na Orde EHA/804/2007, do 30 de marzo, pola que se desenvolven para o ano 2007 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido:

Transporte urbano colectivo e de viaxeiros por estrada, epígrafe 721.1 e 3: 1 por 100.

Transporte por autotaxis, epígrafe 721.2: 10 por 100.

Transporte de mercadorías por estrada, excepto residuos, epígrafe 722: 10 por 100.

Servizos de mudanzas, epígrafe 757: 10 por 100.

Disposición adicional segunda. *Medidas excepcionais para paliar o efecto producido polo prezo do gasóleo no ano 2008.*

a) Medida no imposto sobre a renda das persoas físicas. Redución de determinados módulos no método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas para as actividades de transporte para os efectos do cálculo dos pagamentos fraccionados que se van realizar no exercicio 2008.

Os módulos establecidos na letra A) da disposición adicional primeira aplicaranse para os efectos do cálculo dos pagamentos fraccionados que van realizar no método de estimación obxectiva en 2008 os empresarios do sector do transporte que apliquen ese método, sen prexuízo de que os módulos definitivamente aplicables nese exercicio para os efectos do cálculo do rendemento neto anual se establezan unha vez que sexa coñecido o prezo medio do gasóleo nese exercicio.

b) Medida no imposto sobre o valor engadido. Redución da porcentaxe para determinar as cotas trimestrais en 2008 no réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido para determinadas actividades de transporte.

As porcentaxes para o cálculo das cotas trimestrais que se van realizar en 2008 no réxime simplificado para

as actividades de transporte que se citan a seguir serán as seguintes:

Transporte por autotaxis, epígrafe 721.2: 5 por 100.

Transporte de mercadorías por estrada, excepto transporte de residuos, epígrafe 722: 5 por 100.

Servizos de mudanzas, epígrafe 757: 5 por 100.

Disposición adicional terceira. *Porcentaxes aplicables en 2008 para o cálculo da cota xerada por operacións correntes no réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido para determinadas actividades gandeiras afectadas por crises sectoriais.*

As porcentaxes aplicables para o cálculo da cota xerada por operacións correntes no réxime simplificado

do imposto sobre o valor engadido en 2008 nas actividades que se mencionan a seguir serán as seguintes:

Servizos de cría, garda e engorda de aves: 0,047.

Actividade de apicultura: 0,05.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, con efectos para o ano 2008.

Madrid, 26 de novembro de 2007.–O vicepresidente segundo e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

ANEXO I

ACTIVIDADES AGRÍCOLAS, GANDEIRAS E FORESTAIS
SIGNOS, ÍNDICES OU MÓDULOS
DO MÉTODO DE ESTIMACIÓN OBXECTIVA
DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS

Actividade:	Gandeira de explotación de gando porcino de carne, avicultura e cunicultura.
Índice de rendemento neto:	0,13
Índice de rendemento neto no suposto de transformación, elaboración ou manufactura:	0,23
NOTA:	na avicultura encóntrase comprendida a obtención de produtos (carne e ovos) procedentes de polos, galiñas, patos, faisáns, perdices, paspallás, etc.

Actividade:	Forestal cun "período medio de corta" superior a 30 anos.
Índice de rendemento neto:	0,13
Índice de rendemento neto no suposto de transformación, elaboración ou manufactura:	0,23
NOTA:	a título indicativo inclúense as especies arbóreas seguintes: Castiñeiro, bideiro, freixo, pradairo, cerdeira, noqueira, piñeiro silvestre (<i>P. silvestris</i>), piñeiro laricio, abeto, piñeiro de Oregón, cedro, piñeiro de Alepo, piñeiro canario, piñeiro molar, piñeiro bravo (<i>P. pinaster</i>), alcipreste, faia, carballo (<i>Q. robur</i>), carballo albariño (<i>Q. petraea</i>), acíneira, sobreira e resto de quercíneas.

Actividade:	Agrícola dedicada á obtención de cereais, cítricos, leguminosas e fungos para o consumo humano e gandeira de explotación de gando bovino de carne, de gando porcino de cría, de gando ovino de carne e de gando caprino de carne.
Índice de rendemento neto:	0,26
Índice de rendemento neto no suposto de transformación, elaboración ou manufactura:	0,36
NOTA:	a título indicativo inclúese a obtención de: Cereais: cereais debullados excepto arroz (trigo, centeo, cebada, aveia, millo, sorgo, millo miúdo, paíño, alpiste, espelta, tritcale e trigo mourisco, etc.). Leguminosas: leguminosas debulladas (feixóns, lentellas, garavanzos, fabóns, chícharos, vezas, ervellacas, órobos, pedrelas, alforbas, tremozos, etc.).

Actividade:	Forestal cun "período medio de corta" igual ou inferior a 30 anos.
Índice de rendemento neto:	0,26
Índice de rendemento neto no suposto de transformación, elaboración ou manufactura:	0,36
NOTA:	a título indicativo inclúense as especies arbóreas seguintes: Eucalipto, chopo, piñeiro insigne e piñeiro marítimo.

Actividade:	Agrícola dedicada á obtención de uva para viño de mesa, froitos secos, oleaxinosas, remolacha, tomate para transformación e produtos do olivetal, e gandeira de explotación de bovino de cría e outras actividades gandeiras non comprendidas expresamente noutras partes.
Índice de rendemento neto:	0,32
Índice de rendemento neto no suposto de transformación, elaboración ou manufactura:	0,42
NOTA:	a título indicativo inclúese a obtención de: Froitos secos: noqueira, abeleira, amendoeira, castiñeiro e outras froiteiras de casca (pistachos, piñóns), etc. Oleaxinosas: cacahuete, xirasol, soia, colza e nabíña, cántamo e rícano, etc. Cítricos: laranxeira doce, laranxeira amarga, mandaríneira, limoeiro, pomelo, lima, bergamota, etc. Produtos do olivetal: oliva de mesa e oliva para aceite. Outras actividades gandeiras: colmeas, equinos, animais para peletaría (visón, chinchilla...), etc.

Actividade:	Agrícola dedicada á obtención de raíces, tubérculos, forraxes, arroz, uva para viño con denominación de orixe, froitos non cítricos, horticultura e outros produtos agrícolas non comprendidos expresamente noutras partes, e gandeira de explotación de gando ovino de leite, caprino de leite e bovino de leite.
Índice de rendemento neto:	0,37
Índice de rendemento neto no suposto de transformación, elaboración ou manufactura:	0,47
NOTA:	a título indicativo inclúese a obtención de: Forraxes: plantas forraxeiras de sacha (nabo forraxeiro, remolacha forraxeira, col forraxeira, cabaza forraxeira, cenoria forraxeira, etc.) e outras plantas forraxeiras (alfalfa, cereal inverno forraxe, millo forraxeiro, veza, esparceira, trevo, xoto, fabón forraxe, sula e outras). Froitos non cítricos: mazá para mesa, mazá para sidra, pera, marmelo, néspere, outros froitos de pebidas (acerola, sorba e outros), cereixa, guinda, ameixa, albaricoque, pexego e outros froitos de carabuña, figo, granada, grosella, framboesa, outros pequenos froitos e bagas (casis, amora, amora de moreira, etc.), banana, aguacate, chirimola, kiwi e outros froitos tropicais e subtropicais (caquis, figo chumbo, dátíl, guaiaba, papaia, manga, lichis, excepto ananás). Produtos hortícolas: repolo, col de Bruxelas, coliflor, outras coles, acelga, apio, porro, leituga, escarola, espinaca, espárrago, endivia, cardo, outras hortaliñas de folia, tomate, alcachofa, cogombro, cogombriño, berenxena, pemento, cabaza, cabaciña, outras hortaliñas cultivadas polo seu froito ou a súa flor, remolacha de mesa, cenoria, allo, cebola, ceboleta, nabo, ravo, outras hortaliñas cultivadas pola súa raíz, bulbo ou tubérculo (excepto pataca), chícharo verde, feixón verde, fabón verde, outras hortaliñas con casulo, sandía, melón, amorrodo, ananás e outras froitas de plantas non perennes. Outros produtos agrícolas: lúpulo, cana de azucre, azafrán, chicatoria, pemento para especia, viveiros, flores e plantas ornamentais, etc.

Actividade:	Agrícola dedicada á obtención de plantas téxtiles, tabaco e uva de mesa, actividades accesorias realizadas por agricultores, gandeiros ou titulares de actividades forestais e servizos de cría, garda e engorda de aves.
	Índice de rendemento neto: 0,42
	Índice de rendemento neto no suposto de transformación, elaboración ou manufactura: 0,52
	NOTA: a título indicativo inclúese a obtención de:
	Plantas téxtiles: algodón, liño, cáñamo, etc.
	NOTA: a título indicativo nas actividades accesorias inclúense:
	Agroturismo, artesanía, caza, pesca e actividades recreativas e de lecer, nas cales o agricultor ou gandeiro participe como monitor, guía ou experto, tales como excursionismo, camiñadas, rutas ecolóxicas, etc.
Actividade:	Outros traballos e servizos accesorios realizados por agricultores, gandeiros ou titulares de actividades forestais e servizos de cría, garda e engorda de gando, excepto aves.
	Índice de rendemento neto: 0,56
ÍNDICES E MÓDULOS DO RÉXIME ESPECIAL SIMPLIFICADO DO IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	
Actividade:	Gandeira de explotación intensiva de gando porcino de carne e avicultura de carne.
	Índice de cota xerada por operacións correntes: 0,07
Actividade:	Gandeira de explotación intensiva de avicultura de ovos e gando ovino, caprino e bovino de leite.
	Índice de cota xerada por operacións correntes: 0,04
Actividade:	Gandeira de explotación intensiva de gando bovino de carne e cunicultura.
	Índice de cota xerada por operacións correntes: 0,07
Actividade:	Gandeira de explotación intensiva de gando porcino de cría, bovino de cría e outras intensivas ou extensivas non comprendidas expresamente noutras partes.
	Índice de cota xerada por operacións correntes: 0,07
Actividade:	Gandeira de explotación intensiva de gando ovino e caprino de carne.
	Índice de cota xerada por operacións correntes: 0,07
Actividade:	Servizos de cría, garda e engorda de aves.
	Índice de cota xerada por operacións correntes: 0,067
Actividade:	Outros traballos e servizos accesorios realizados por agricultores, gandeiros ou titulares de actividades forestais que estean excluídos do réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido, e servizos de cría, garda e engorda de gando, excepto aves.
	Índice de cota xerada por operacións correntes: 0,07
Actividade:	Actividades accesorias realizadas por agricultores, gandeiros ou titulares de actividades forestais non incluídas no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido.
	Índice de cota xerada por operacións correntes: 0,16
	NOTA: a título indicativo nas actividades accesorias inclúense:
	Agroturismo, artesanía, caza, pesca e actividades recreativas e de lecer, nas cales o agricultor, gandeiro ou titular de actividades forestais participe como monitor, guía ou experto, tales como excursionismo, camiñadas, rutas ecolóxicas, etc.
Actividade:	Aproveitamentos que correspondan ao cedente nas actividades agrícolas, desenvolvidas en réxime de parzaría, dedicadas á obtención de produtos agrícolas non comprendidas nas partes seguintes.
	Índice de cota xerada por operacións correntes: 0,04
Actividade:	Aproveitamentos que correspondan ao cedente nas actividades agrícolas, desenvolvidas en réxime de parzaría, dedicadas á obtención de forraxes.
	Índice de cota xerada por operacións correntes: 0,054
Actividade:	Aproveitamentos que correspondan ao cedente nas actividades agrícolas, desenvolvidas en réxime de parzaría, dedicadas á obtención de plantas téxtiles e tabaco.
	Índice de cota xerada por operacións correntes: 0,16
Actividade:	Aproveitamentos que correspondan ao cedente nas actividades forestais, desenvolvidas en réxime de parzaría.
	Índice de cota xerada por operacións correntes: 0,16
Actividade:	Procesos de transformación, elaboración ou manufactura de produtos naturais para a obtención de queixo.
	Índice de cota xerada por operacións correntes: 0,05
Actividade:	Procesos de transformación, elaboración ou manufactura de produtos naturais para a obtención de viño de mesa.
	Índice de cota xerada por operacións correntes: 0,19
Actividade:	Procesos de transformación, elaboración ou manufactura de produtos naturais para a obtención de orixe.
	Índice de cota xerada por operacións correntes: 0,19

Actividade: Procesos de transformación, elaboración ou manufactura de produtos naturais para a obtención doutros produtos distintos dos anteriores.
Índice de cota xerada por operacións correntes: 0,14

**INSTRUCCIÓNS PARA A APLICACIÓN DOS
SIGNOS, ÍNDICES OU MÓDULOS NO IMPOSTO SOBRE
A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS**

RENDEMENTO ANUAL

- O rendemento neto resultará da suma dos rendementos netos que correspondan a cada unha das actividades.
- O rendemento neto correspondente a cada actividade obterase aplicando o procedemento establecido a seguir:

2.1. Fase 1: Rendemento neto previo.

O rendemento neto previo no suposto de actividades en que se realice a entrega dos produtos naturais ou os traballos, servizos e actividades accesorios, obterase multiplicando o volume total de ingresos, incluídas as subvencións correntes ou de capital e as indemnizacións, de cada un dos cultivos ou explotacións polo «índice de rendemento neto» que corresponda a cada un deles.

A axuda directa de pagamento único da Política Agraria Común acumularase aos ingresos procedentes dos cultivos ou explotacións do receptor en proporción aos seus respectivos importes. Non obstante, cando o receptor da axuda directa non obtivese ingresos por actividades agrícolas e gandeeiras, o índice de rendemento neto aplicable será o 0,56.

O rendemento neto previo no suposto de actividades en que se sometan os produtos naturais a transformación, elaboración ou manufactura obterase multiplicando o valor dos produtos naturais utilizados no proceso, a prezo de mercado, polo «índice de rendemento neto» previsto para estes supostos. O rendemento neto previo determinarase no momento de incorporación dos produtos naturais aos procesos de transformación, elaboración ou manufactura.

O procedemento de cálculo previsto no parágrafo anterior aplicarase tamén aos produtos sometidos a procesos de transformación, elaboración ou manufactura nos anos anteriores a 1998, que sexan transmitidos a partir do 1 de xaneiro de 2007. Nestes casos, a determinación do rendemento neto previo producirase no momento en que sexan transmitidos os produtos.

2.2. Fase 2: Rendemento neto minorado.

O rendemento neto minorado obtense deducindo do anterior as cantidades que, en concepto de amortización do inmovilizado material e inmaterial, correspondan á depreciación efectiva que sufran os distintos elementos por funcionamento, uso, desfrute ou obsolescencia.

Para estes efectos, a amortización calcularase de acordo co establecido na alínea b) do punto 2.2. das instrucións para a aplicación dos signos, índices ou módulos no imposto sobre a renda das persoas físicas do anexo II desta orde.

Non obstante, os elementos patrimoniais do inmovilizado descritos a seguir amortizaranse conforme a seguinte táboa:

Grupo	Descrición	Coefficiente linear máximo	Período máximo
7	Vacún, porcino, ovino e caprino	22%	8 anos
8	Equino e froiteiras non cítricas	10%	17 anos
9	Froiteiras cítricas e viñas	5%	45 anos
10	Oliveiral	3%	80 anos

Cando se trate de actividades forestais, para o cálculo do rendemento neto minorado non se deducirán as amortizacións.

2.3. Fase 3: Rendemento neto de módulos.

Sobre o rendemento neto minorado aplicaranse, cando correspondan, os índices correctores que se establecen a seguir, obtendo o rendemento neto de módulos.

Os índices correctores aplicaranse naquelas actividades que os teñan asignados expresamente e segundo as circunstancias, conía, orde e incompatibilidade que se indica a seguir, sobre o rendemento neto minorado ou, se é o caso, sobre o rectificadido por aplicación deles:

- Utilización de medios de produción alleos en actividades agrícolas.

Cando no desenvolvemento de actividades agrícolas se utilicen exclusivamente medios de produción alleos, sen ter en conta o solo, e salvo nos casos de parzaría e figuras similares.

Índice: 0,75

- Utilización de persoal asalariado.

Cando o custo do persoal asalariado supere a porcentaxe do volume total de ingresos que se expresa, será aplicable o índice corrector que se indica.

PORCENTAXE	ÍNDICE
Máis do 10 por 100	0,90
Máis do 20 por 100	0,85
Máis do 30 por 100	0,80
Máis do 40 por 100	0,75

Cando resulte aplicable o índice corrector da alínea a) anterior non se poderá aplicar o contido nesta alínea b).

- Cultivos realizados en terras arrendadas.

Cando os cultivos se realicen, en todo ou en parte, en terras arrendadas.

Índice: 0,90 sobre os rendementos procedentes de cultivos en terras arrendadas.

Cando non sexa posible delimitar eses rendementos, ratearase en función da porcentaxe que supoñan as terras arrendadas dedicadas a cada cultivo respecto á superficie total, propia e arrendada, dedicada a ese cultivo.

O suxeito pasivo deberá presentar declaración-liquidación na forma e prazos previstos, aínda que non resulte cota a ingresar.

INSTRUCIÓNS PARA A APLICACIÓN DOS ÍNDICES E MÓDULOS NO IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO

NORMAS XERAIS

1. A cota derivada deste réxime especial resultará da suma das cotas que correspondan a cada unha das actividades incluídas nel exercidas polo suxeito pasivo.

Con carácter xeral, a liquidación do imposto sobre o valor engadido pola realización de cada actividade resultará da diferenza entre "cotas xeradas por operacións correntes" e "cotas soportadas ou satisfeitas por operacións correntes" relativas a esa actividade. O resultado será a "cota derivada do réxime simplificado", e debe ser corrigido, tal como se indica no anexo III, número 4 desta orde, coa adición das cotas correspondentes ás operacións mencionadas no punto un.B do artigo 123 da Lei do imposto e a dedución das cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación de activos fixos.

2. Para efectos do indicado no número 1 anterior, a cota derivada do réxime simplificado correspondente a cada actividade cuantifícase por medio do procedemento establecido a seguir:

2.1. Cota xerada por operacións correntes.

A cota xerada por operacións correntes, no suposto de actividades en que se realice a entrega dos produtos naturais ou os traballos, servizos e actividades accesorios, obtérase multiplicando o volume total de ingresos, excluídas as subvencións correntes ou de capital, as indemnizacións ben como o imposto sobre o valor engadido e, se é o caso, a recarga de equivalencia que grave a operación, de cada un dos cultivos ou explotacións polo «índice de cota xerada por operacións correntes» que corresponda.

A cota xerada por operacións correntes, no suposto de actividades en que se sometan os produtos naturais a transformación, elaboración ou manufactura, obtérase multiplicando o valor dos produtos naturais utilizados no proceso, a prezo de mercado, polo "índice de cota xerada por operacións correntes" correspondente. A imputación da cota xerada por operacións correntes nestas actividades producirase no momento en que os produtos naturais sexan incorporados aos citados procesos de transformación, elaboración ou manufactura. Non obstante, respecto dos produtos sometidos a eses procesos en exercicios anteriores a 1998 que sexan transmitidos a partir do 1 de xaneiro do ano 2008, a imputación da cota xerada por operacións correntes producirase no momento en que sexan transmitidos os produtos obtidos nos referidos procesos.

Cando no exercicio das actividades descritas no parágrafo anterior se realicen entregas en réxime de depósito distinto dos aduaneiros en aplicación das alíneas a) e b) do anexo quinto da Lei 37/1992, reguladora do imposto sobre o valor engadido, os índices e módulos non serán de aplicación na medida en que se utilicen na realización de operacións exentas do imposto sobre o valor engadido.

2.2. Dedución das cotas soportadas ou satisfeitas por operacións correntes.

Da cota xerada por operacións correntes poderanse deducir as cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación de bens e servizos, distintos dos activos fixos, destinados ao desenvolvemento da actividade, nos termos establecidos no capítulo I do título VIII da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e no Regulamento do imposto, considerándose para estes efectos activos fixos os elementos do inmovilizado. Tamén poderán ser deducidas as compensacións agrícolas a que se refire o artigo 130 da Lei 37/1992, satisfeitas polos suxeitos pasivos pola adquisición de bens ou servizos a empresarios acollidos ao réxime especial da

d) Pensos adquiridos a terceiros.

Cando nas actividades gandeiras se alimente o gando con pensos e outros produtos para a alimentación adquiridos a terceiros que representen máis do 50 por 100 do importe dos consumidos.

Índice: 0,75, excepto nos casos de explotación intensiva de gando porcino de carne e avicultura. Este índice será do 0,95 cando se trate das mencionadas actividades de explotación intensiva de gando porcino de carne e avicultura.

Para efectos deste índice, a valoración do importe dos pensos e outros produtos propios efectuarase segundo o seu valor de mercado.

e) Agricultura ecolóxica.

Cando a produción cumpra os requisitos establecidos na normativa legal vixente das correspondentes comunidades autónomas, pola cal asumen o control deste tipo de produción de acordo co Real decreto 1852/1993, do 22 de outubro, sobre produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios, e o Regulamento (CEE) 2092/91, do Consello, do 24 de xuño de 1991.

Índice 0'95

f) Empresas cuxo rendemento neto minorado non supere 9.447,91 euros.

Cando o rendemento neto minorado non supere 9.447,91 euros anuais e non se teña dereito á redución regulada no punto 3 seguinte.

Índice: 0,90

g) Índice aplicable ás actividades forestais.

Cando se exploren terreos forestais xestionados de acordo con plans técnicos de xestión forestal, ordenación de montes, plans disociados ou plans de repoboación forestal aprobados pola Administración forestal competente, sempre que o período de produción medio, segundo a especie de que se trate, determinado en cada caso pola Administración forestal competente, sexa igual ou superior a vinte anos.

Índice : 0,80

As actividades forestais unicamente lles será aplicable o índice sinalado na alínea g) anterior.

3. Os agricultores mozos ou asalariados agrarios poderán reducir o rendemento neto de módulos correspondente á súa actividade agraria nun 25 por cento durante os períodos impositivos fechados durante os cinco anos seguintes á súa primeira instalación como titulares dunha explotación prioritaria, realizada ao abeiro do previsto no capítulo IV do título I da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, sempre que acrediten a realización dun plan de mellora da explotación.

A redución prevista neste punto terase en conta para efectos de determinar a contía dos pagamentos fraccionados que se deban efectuar.

PAGAMENTOS FRACCIONADOS

4. Os pagamentos fraccionados efectuaranse trimestralmente nos prazos seguintes:

- o tres primeiros trimestres, entre o día 1 e o 20 dos meses de abril, xullo e outubro.

- o cuarto trimestre, entre o día 1 e o 30 do mes de xaneiro.

Cada pagamento trimestral consistirá no 2 por 100 do volume de ingresos do trimestre, excluídas as subvencións de capital e as indemnizacións.

ACTIVIDADE	PORCENTAXE
Actividades accesorias realizadas por agricultores, gandeiros ou titulares de actividades forestais non incluídas no réxime especial da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido	80%
Aproveitamentos que correspondan ao cedente nas actividades agrícolas, desenvolvidas en réxime de parzaría, dedicadas á obtención de produtos agrícolas non comprendidos nos números seguintes	2%
Aproveitamentos que correspondan ao cedente nas actividades agrícolas, desenvolvidas en réxime de parzaría, dedicadas á obtención de forraxes	28%
Aproveitamentos que correspondan ao cedente nas actividades agrícolas, desenvolvidas en réxime de parzaría, dedicadas á obtención de plantas téxtiles e tabaco	44%
Aproveitamentos que correspondan ao cedente nas actividades forestais, desenvolvidas en réxime de parzaría	44%
Procesos de transformación, elaboración ou manufactura de produtos naturais para a obtención de queixo	28%
Procesos de transformación, elaboración ou manufactura de produtos naturais para a obtención de viño de mesa	80%
Procesos de transformación, elaboración ou manufactura de produtos naturais para a obtención de viño con denominación de orixe	80%
Procesos de transformación, elaboración ou manufactura de produtos naturais para a obtención doutros produtos distintos aos anteriores	80%

Non obstante, no suposto de actividades en que se sometan os produtos naturais a transformación, elaboración ou manufactura, a citada porcentaxe aplicarase sobre o resultado de multiplicar o "índice de cota xerada por operacións correntes" correspondente sobre o valor dos produtos naturais utilizados no trimestre polo prezo do mercado.

COTA ANUAL

4. Ao finalizar o ano ou ao se producir o cesamento da actividade, o suxeito pasivo deberá calcular a cota anual derivada do réxime simplificado, tendo en conta o volume total de ingresos, excluídas subvencións correntes ou de capital, as indemnizacións, ben como o imposto sobre o valor engadido e, se é o caso, a recarga de equivalencia que grave a operación, correspondentes ao ano natural, segundo o establecido no número 2 anterior.

5. Na última declaración-liquidación do exercicio farase constar a cota anual derivada do réxime simplificado, detraéndose dela as cantidades liquidadas nas declaracións-liquidacións dos tres primeiros trimestres do exercicio.

Se o resultado da última declaración-liquidación do exercicio for negativo, o suxeito pasivo poderá solicitar a devolución na forma prevista no artigo 115, número un da Lei do imposto, ou optar pola compensación do saldo ao seu favor nas seguintes declaracións-liquidacións periódicas.

6. A declaración-liquidación correspondente ao último trimestre do ano natural deberase presentar durante os trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro.

7. A liquidación das cotas correspondentes ás operacións indicadas no punto un.B do artigo 123 da Lei do imposto e a dedución das cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación de activos fixos efectuarase na forma indicada no anexo III, número 4 desta orde ministerial.

agricultura, gandería e pesca. Non obstante, será deducible o 1 por cento do importe da cota xerada por operacións correntes en concepto de cotas soportadas, por este mesmo tipo de operacións, de difícil xustificación.

No exercicio das deducións a que se refire o parágrafo anterior aplicaranse as seguintes regras:

1º. Non serán deducibles as cotas soportadas polos servizos de desprazamento ou viaxes, hostalaría e restauración no suposto de empresarios ou profesionais que desenvolvan a súa actividade en local determinado. Para estes efectos, considerárase local determinado calquera edificación, excluíndo os almacéns, aparcaoires ou depósitos fechados ao público.

2º. As cotas soportadas ou satisfeitas só serán deducibles na declaración-liquidación correspondente ao último período impositivo do ano en que se deban entender soportadas ou satisfeitas, polo que, con independencia do réxime de tributación aplicable en anos sucesivos, non procederá a súa dedución nun período impositivo posterior.

3º. Cando se realicen adquisicións ou importacións de bens e servizos para a súa utilización en común en varias actividades polas cales o empresario ou profesional estea acollido a este réxime especial, a cota a deducir en cada unha delas será a que resulte do rateo en función da súa utilización efectiva. Se non for posible aplicar este procedemento, imputaranse por partes iguais a cada unha das actividades.

2.3. Cota derivada do réxime simplificado.

O resultado de deducir da cota xerada por operacións correntes as cotas soportadas ou satisfeitas por operacións correntes, nos termos indicados no número 2.2 anterior, será a cota derivada do réxime especial simplificado.

COTAS TRIMESTRAIS

3. O cálculo indicado no número 2 anterior deberá efectuarse o suxeito pasivo ao final do exercicio, ben que nas declaracións-liquidacións correspondentes aos tres primeiros trimestres de cada ano natural o suxeito pasivo realizará durante os vinte primeiros días naturais dos meses de abril, xullo e outubro, o ingreso á conta dunha parte da cota derivada do réxime simplificado.

Para cuantificar o importe a ingresar en tales declaracións-liquidacións, estimarase a cota xerada por operacións correntes do trimestre, aplicando o "índice de cota xerada por operacións correntes" correspondente sobre o volume total de ingresos do trimestre, excluídas subvencións correntes ou de capital, as indemnizacións, ben como o imposto sobre o valor engadido e, se é o caso, a recarga de equivalencia que grave a operación, e sobre tal cota xerada por operacións correntes aplicarase as seguintes porcentaxes:

ACTIVIDADE	PORCENTAXE
Gandeira de explotación intensiva de gando porcino de carne e avicultura de carne	12%
Gandeira de explotación intensiva de gando ovino, caprino e bovino de leite	2%
Gandeira de explotación intensiva de gando bovino de carne e cunicultura	24%
Gandeira de explotación intensiva de gando porcino de cría, bovino de cría e outras intensivas ou extensivas non comprendidas expresamente noutros números	32%
Gandeira de explotación intensiva de gando ovino e caprino de carne	40%
Servizos de cría, garda e engorda de aves	40%
Outros traballos e servizos accesorios realizados por agricultores, gandeiros ou titulares de actividades forestais que estean excluídos do réxime especial da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido, e servizos de cría, garda e engorda de gando, excepto aves	48%

ANEXO II

**OUTRAS ACTIVIDADES
SIGNOS, ÍNDICES OU MÓDULOS
DO MÉTODO DE ESTIMACIÓN OBXECTIVA
DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS**

Actividade: Producción de mexillón en batea.			
Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	5.500,00
2	Persoal non asalariado	Persoa	7.500,00
3	Bateas	Batea	6.700,00

NOTA: O rendemento neto resultante da aplicación dos signos ou módulos anteriores inclúe, se é o caso, o derivado da comercialización de mexilla, do arrendamento de maquinaria ou barco, ben como da realización de traballos de encordá, desdobrá, recolla ou embolsa para outro produtor.

Actividade: Carpintería metálica e fabricación de estruturas metálicas e caldeiraría.			
Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	3.577,61
2	Persoal non asalariado	Persoa	17.044,03
3	Consumo de enerxía eléctrica	100 kWh	61,10
4	Potencia fiscal vehículo	CVF	170,06

Actividade: Fabricación de artigos de ferraxaría, cerrallaría, parafusaría, derivados do arame, utensilios de cociña e outros artigos en metais non clasificados noutra parte.			
Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	3.678,39
2	Persoal non asalariado	Persoa	16.351,18
3	Consumo de enerxía eléctrica	100 kWh	62,98
4	Potencia fiscal vehículo	CVF	125,97

Actividade: Industrias do pan e da bolaría.			
Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	6.248,22
2	Persoal non asalariado	Persoa	14.530,89
3	Superficie do local	Metro cadrado	49,13
4	Superficie do forno	100 decímetros cadrados	629,86

Actividade: Industrias da bolaría, pastelería e galletas.			
Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	6.657,63
2	Persoal non asalariado	Persoa	13.485,32
3	Superficie do local	Metro cadrado	45,35
4	Superficie do forno	100 decímetros cadrados	541,68

NOTA: o rendemento neto resultante da aplicación dos signos ou módulos anteriores inclúe, se é o caso, o derivado da fabricación e comercio ao retaldo de produtos de pastelería salgada e pratos precocinados, sempre que estas actividades se desenvolvesen con carácter accesorio á actividade principal.

Actividade: Industrias de elaboración de masas fritas.			
Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	4.238,96
2	Persoal non asalariado	Persoa	12.301,18
3	Superficie do local	Metro cadrado	25,82

Actividade: Elaboración de patacas fritas, flocos de millo e similares.			
Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	4.390,12
2	Persoal non asalariado	Persoa	12.723,18
3	Superficie do local	Metro cadrado	26,45

Actividade: Impresión de textos ou imaxes. Epígrafe IAE: 474.1				
Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización	Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	5.208,95	
2	Persoal non asalariado	Persoa	21.534,93	
3	Potencia eléctrica	kW	484,99	
4	Potencia fiscal vehículo	CVF	680,25	

NOTA: o rendemento neto resultante da aplicación dos signos ou módulos anteriores inclúe, se é o caso, o derivado das actividades de preimpresión ou encadernación dos seus traballos, sempre que estas actividades se desenvolvan con carácter accesorio á actividade principal de impresión de textos por calquera procedemento ou sistema.

Actividade: Albanelaría e pequenos traballos de construción en xeral. Epígrafe IAE: 501.3				
Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización	Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	3.640,59	
2	Persoal non asalariado	Persoa	17.988,83	
3	Superficie do local	Metro cadrado	46,60	
4	Potencia fiscal vehículo	CVF	201,55	

Actividade: Instalacións e montaxes (excepto fontanaría, frío, calor e acondicionamento de aire). Epígrafe IAE: 504.1				
Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización	Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	6.575,75	
2	Persoal non asalariado	Persoa	20.854,69	
3	Consumo de enerxía eléctrica	100 kWh	69,28	
4	Potencia fiscal vehículo	CVF	132,27	

Actividade: Instalacións de fontanaría, frío, calor e acondicionamento de aire. Epígrafe IAE: 504.2 e 3				
Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización	Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	8.238,58	
2	Persoal non asalariado	Persoa	22.360,05	
3	Consumo de enerxía eléctrica	100 kWh	138,57	
4	Potencia fiscal vehículo	CVF	138,57	

Actividade: Confección en serie de roupa de vestir e os seus complementos, excepto cando a súa execución se realice maioritariamente por encarga a terceiros. Epígrafe IAE: 453				
Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización	Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	3.382,36	
2	Persoal non asalariado	Persoa	13.730,96	
3	Consumo de enerxía eléctrica	100 kWh	125,97	
4	Potencia fiscal vehículo	CVF	529,08	

Actividade: Confección en serie de roupa de vestir e os seus complementos executada directamente pola propia empresa, cando se realice exclusivamente para terceiros e por encarga. Epígrafe IAE: 453				
Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización	Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	2.538,34	
2	Persoal non asalariado	Persoa	10.298,22	
3	Consumo de enerxía eléctrica	100 kWh	94,48	
4	Potencia fiscal vehículo	CVF	396,81	

Actividade: Fabricación en serie de pezas de carpintería, parqué e estruturas de madeira para a construción. Epígrafe IAE: 463				
Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización	Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	4.037,41	
2	Persoal non asalariado	Persoa	18.404,53	
3	Consumo de enerxía eléctrica	100 kWh	62,98	

Actividade: Industria do moble de madeira. Epígrafe IAE: 468				
Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización	Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	2.947,75	
2	Persoal non asalariado	Persoa	16.300,79	
3	Consumo de enerxía eléctrica	100 kWh	49,76	

Actividade: Instalación de pararraios e similares. Montaxe e instalación de cocinas de todo tipo e clase, con todos os seus accesorios. Montaxe e instalación de aparellos elevadores de calquera clase e tipo. Instalacións telefónicas, telegráficas, telegráficas sen fíos e de televisión, en edificios e construcións de calquera clase. Montaxes metálicas e instalacións industriais completas, sen vender nin achegar a maquinaria nin os elementos obxecto da instalación ou montaxe.

Epígrafe IAE: 504.4, 5, 6, 7 e 8

Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización	Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	6.575,75	
2	Persoal non asalariado	Persoa	20.854,69	
3	Consumo de enerxía eléctrica	100 kWh	69,28	
4	Potencia fiscal vehículo	CVF	132,27	

Actividade: Revestimentos, solados e pavimentos e colocación de illamentos.

Epígrafe IAE: 505.1, 2, 3 e 4

Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización	Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	4.112,99	
2	Persoal non asalariado	Persoa	20.325,60	
3	Superficie do local	Metro cadrado	21,41	
4	Potencia fiscal vehículo	CVF	245,64	

Actividade: Carpintería e cerrallería.

Epígrafe IAE: 505.5

Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización	Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	6.689,12	
2	Persoal non asalariado	Persoa	19.154,07	
3	Potencia fiscal vehículo	CVF	144,87	

Actividade: Pintura, de calquera tipo e clase e revestimento con papel, tecido ou plásticos e terminación e decoración de edificios e locais.

Epígrafe IAE: 505.6

Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización	Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	6.027,77	
2	Persoal non asalariado	Persoa	17.648,70	
3	Potencia fiscal vehículo	CVF	144,87	

Actividade: Traballos en xeso e escatola e decoración de edificios e locais.

Epígrafe IAE: 505.7

Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización	Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	6.027,77	
2	Persoal non asalariado	Persoa	17.648,70	
3	Potencia fiscal vehículo	CVF	144,87	

Actividade: Comercio ao retallo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

Epígrafe IAE: 641

Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización	Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	2.387,18	
2	Persoal non asalariado	Persoa	10.581,66	
3	Superficie do local independente	Metro cadrado	57,94	
4	Superficie local non independente	Metro cadrado	88,18	
5	Carga elementos de transporte	Quilogramo	1,01	

Actividade: Comercio ao retallo de carne e miúdos; de produtos e derivados cárnicos elaborados.

Epígrafe IAE: 642.1, 2, 3 e 4

Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización	Euros
1	Persoal asalariado	Persoa	2.355,68	
2	Persoal non asalariado	Persoa	10.991,07	
3	Superficie do local independente	Metro cadrado	35,90	
4	Superficie do local non independente	Metro cadrado	81,88	
5	Consumo de enerxía eléctrica	100 kWh	39,05	

NOTA: o rendemento neto derivado da aplicación dos signos ou módulos anteriores inclúe, se é o caso, o derivado da elaboración de pratos precociñados, sempre que se desenvolva con carácter accesorio á actividade principal.

Actividade: Comercio ao retallo de pan, pastelería, confitaría e similares e de leite e produtos lácteos.			
Epígrafe IAE: 644.1			
Módulo	Definición	Unidade	Rendemento anual por unidade antes da amortización
1	Persoal asalariado de fabricación	Persoa	6.248,22
2	Resto persoal asalariado	Persoa	1.058,17
3	Persoal non asalariado	Persoa	14.530,89
4	Superficie do local de fabricación	Metro cadrado	49,13
5	Resto superficie local independente	Metro cadrado	34,01
6	Resto superficie local non independente	Metro cadrado	125,97
7	Superficie do forno	100 decímetros cadrados	629,86

Fabricación en serie de pezas de carpintaría, parque e estruturas de madeira para a construción	28.463,40
Industria do moble de madeira	29.534,17
Impresión de textos ou imaxes	40.418,16
Albanalaría e pequenos traballos de construción en xeral	32.078,80
Instalacións e montaxes (excepto fontanaría, frío, calor e acondicionamento de aire)	40.002,45
Instalacións de fontanaría, frío, calor e acondicionamento de aire	33.332,23
Instalación de pararraios e similares. Montaxe e instalación de cociñas de todo tipo e clase, con todos os seus aparellos elevadores de calquera clase e tipo. Instalacións telefónicas, telegráficas, telegráficas sen fíos e de televisión, en edificios e construcións de calquera clase. Montaxes metálicas e instalacións industriais completas, sen vender nin achegar a maquinaria nin os elementos obxecto da instalación ou montaxe	40.002,45
Revestimentos, sollados e pavimentos e colocación de illamentos	30.038,06
Carpintaría e cerrallaría	28.356,33
Pintura de calquera tipo e clase e revestimento con papel, tecidos ou plásticos e terminación e decoración de edificios e locais	26.687,20
Traballos en xeso e escaiola e decoración de edificios e locais	26.687,20
Comercio ao retalho de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos	16.867,67
Comercio ao retalho de carne, miúdos, de produtos e derivados cárnicos elaborados	21.635,71
Comercio ao retalho de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles	20.136,65
Comercio ao retalho, en tendas especializadas, de vísceras e miúdos procedentes de animais de abasto, frescos e conxelados	16.237,81

ACTIVIDADE ECONÓMICA	CONTÍA (Euros)
debuxo e belas artes, excepto en quioscos situados na vía pública	
Comercio ao retalho de prensa, revistas e libros en quioscos situados na vía pública	28.860,22
Comercio ao retalho de brinquedos, artigos de deporte, artigos deportivos de vestido, calzado e toucado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia	24.948,78
Comercio ao retalho de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais	23.978,80
Comercio ao retalho de toda clase de artigos, incluíndo alimentación e bebidas, en establecementos disintos dos especificados no grupo 661 e na epígrafe 662.1	16.395,27
Comercio ao retalho fóra dun establecemento comercial permanente de produtos alimenticios, mesmo bebidas e xeados	14.379,72
Comercio ao retalho fóra dun establecemento comercial permanente de artigos téxtiles e de confección	19.059,58
Comercio ao retalho fóra dun establecemento comercial permanente de calzado, peles e artigos de coiro	17.081,82
Comercio ao retalho fóra dun establecemento comercial permanente de artigos de drogaría e cosméticos e de produtos químicos en xeral	16.886,56
Comercio ao retalho fóra dun establecemento comercial permanente doutras clases de mercadorías non clasificadas noutra parte	18.354,14
Restaurantes de dous garfos	51.617,08
Restaurantes dun garfo	38.081,38
Cafetarías	39.070,26
Cafés e bares de categoría especial	30.586,03
Outros cafés e bares	19.084,78
Servizos en quioscos, postos en mercados, barraecas ou outros locais análogos	16.596,83
Servizos en chocolatarías, xeatarías e orcharías	25.528,25
Servizo de hospedaxe en hoteis e moteis dunha e dúas estrelas	61.512,19
Servizo de hospedaxe en hostais e pensións	32.840,94
Servizo de hospedaxe en fondas e casas de hóspedes	16.256,70
Reparación de artigos eléctricos para o lar	21.585,33
Reparación de vehículos automóbiles, bicicletas e outros vehículos	33.729,04
Reparación de calzado	16.552,74
Reparación doutros bens de consumo non clasificados noutra parte (excepto reparación de calzado, restauración de obras de arte, mobles, antigüidades e instrumentos musicais)	24.803,91
Reparación de maquinaria industrial	30.352,99
Outras reparacións non clasificadas noutra parte	23.607,18
Transporte urbano colectivo e de viaxeiros por estrada	35.196,62
Transporte de mercadorías por estrada	33.640,86
Engraxamento e lavado de vehículos	28.280,74

ACTIVIDADE ECONÓMICA	CONTÍA (Euros)
Comercio ao retalho de peixe e outros produtos da pesca e da acuicultura e de caracóis	24.551,97
Comercio ao retalho de pan, pastelería, confitaría e similares e de leite e produtos lácteos	43.605,26
Despachos de pan, pans especiais e bolaría	42.925,01
Comercio ao retalho de produtos de pastelería, bolaría e confitaría	33.760,53
Comercio ao retalho de masas fritas, con ou sen coberturas ou recheos, patacas fritas, produtos de aperitivo, froitos secos, lambetadas, preparados de chocolate e bebidas refrescantes	19.670,55
Comercio ao retalho de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor	15.822,10
Comercio ao retalho de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 400 metros cadrados	25.219,62
Comercio ao retalho de produtos téxtiles, confeccións para o lar, alfombras e similares e artigos de tapizaría	23.638,67
Comercio ao retalho de toda clase de artigos para o vestido e toucado	24.848,00
Comercio ao retalho de lenzaría, corsetaría e artigos especiais	19.626,46
Comercio ao retalho de artigos de mercería e paquetaría	14.862,05
Comercio ao retalho de calzado, artigos de pel e imitación ou produtos substitutivos, cintos, carteiros, bolsos, maletas e artigos de viaxe en xeral	24.306,32
Comercio ao retalho de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos, e de artigos para a hixiene e o aseo persoal	25.333,00
Comercio ao retalho de mobles	30.718,31
Comercio ao retalho de material e aparellos eléctricos, electrónicos, electrodomésticos e outros aparellos de uso doméstico accionados por outro tipo de enerxía distinta da eléctrica, ben como mobles de cocíña	26.189,61
Comercio ao retalho de utensilios de cocíña, artigos de ferraxaría, adorno, agasalho, ou reclamo (incluíndo bixutaría e pequenos electrodomésticos)	24.470,09
Comercio ao retalho de materiais de construción, artigos e mobiliario de saneamento, portas, ventás, persianas, etc.	26.454,15
Comercio ao retalho doutros artigos para o equipamento do lar non clasificados noutra parte	32.765,35
Comercio ao retalho de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres	32.815,74
Comercio ao retalho de toda clase de maquinaria (excepto aparellos do lar, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos)	31.367,06
Comercio ao retalho de cubertas, bandas ou bandaxes e cámaras de aire para toda clase de vehículos	26.970,63
Comercio ao retalho de mobles de oficina e de máquinas e equipamentos de oficina	30.718,31
Comercio ao retalho de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos	35.524,14
Comercio ao retalho de libros, xomais, artigos de papelería e escritorio e artigos de	25.207,02

ACTIVIDADE ECONÓMICA	CONTÍA (Euros)
Servizos de mudanzas	33.640,86
Ensino de condución de vehículos terrestres, acuáticos, aeronáuticos, etc.	47.233,25
Outras actividades de ensino, tales como idiomas, corte e confección, mecanografía, taquigrafía, preparación de exames e oposicións e similares non clasificados noutra parte	33.697,55
Escolas e servizos de perfeccionamento do deporte	37.067,30
Tinxidura, limpeza en seco, lavado e pasada de ferro de roupas feitas e de roupa e artigos do lar usados	37.224,77
Servizos de perucaría de señora e cabaleiro	18.051,81
Salóns e institutos de beleza	26.945,44
Servizos de copias de documentos con máquinas fotocopadoras	24.192,95

b.4) Índice corrector por inicio de novas actividades.

O contribuínte que inicie novas actividades concorrendo as seguintes circunstancias:

- Que se trate de novas actividades cuxo exercicio se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2007.
- Que non se trate de actividades de temporada.
- Que non se exercesen anteriormente baixo outra titularidade ou cualificación.
- Que se realicen en local ou establecemento dedicados exclusivamente a esa actividade, con total separación do resto das actividades empresariais ou profesionais que, se for o caso, poida realizar o contribuínte.

Terá dereito a aplicar os seguintes índices correctores:

Exercicio	Índice
primeiro	0,80
segundo	0,90

PAGAMENTOS FRACCIONADOS

3. Para efectos do pagamento fraccionado, os signos ou módulos, ben como os índices correctores aplicables inicialmente en cada período anual, serán os correspondentes aos datos-base da actividade referidos ao día 1 de xaneiro de cada ano.

Cando algún dato-base non se puiden determinar o primeiro día do ano, tomarase, para efectos do pagamento fraccionado, o que correspondeu no ano anterior.

No suposto de actividades de temporada tomarase, para efectos do pagamento fraccionado, o número de unidades de cada módulo que corresponderon no ano anterior.

Cando no ano anterior non se exercese a actividade, os signos ou módulos, ben como os índices correctores aplicables inicialmente, serán os correspondentes aos datos-base referidos ao día en que se inicie.

Se os datos-base de cada signo ou módulo non foren un número enteiro, expresaranse con dúas cifras decimais.

Para cuantificar o rendemento neto para efectos do pagamento fraccionado, o importe das amortizacións obterase aplicando o coeficiente linear máximo que corresponde a cada un dos bens amortizables existentes na data de cómputo dos datos-base.

4. Os pagamentos fraccionados efectuaranse trimestralmente nos prazos seguintes:

- os tres primeiros trimestres, entre o día 1 e o 20 dos meses de abril, xullo e outubro.
 - o cuarto trimestre, entre o día 1 e o 30 do mes de xaneiro.
- Cada pagamento trimestral consistirá no 4 por 100 dos rendementos netos resultantes da aplicación das normas anteriores.

Non obstante, no suposto de actividades que non teñan máis dunha persoa asalariada, a porcentaxe anterior será o 3 por cento, e no suposto de que non dispoña de persoal asalariado, a porcentaxe será o 2 por cento.

Cando non se puiden determinar ningún dato-base conforme o disposto no número anterior, o pagamento fraccionado consistirá no 2 por 100 do volume de vendas ou ingresos do trimestre.

O contribuínte deberá presentar declaración-liquidación na forma e prazos previstos, aínda que non resulte cota a ingresar.

5. En caso de inicio da actividade con posterioridade ao 1 de xaneiro ou de cesamento antes do 31 de decembro ou cando concorran ambas as circunstancias, o importe do pagamento fraccionado calcularase da seguinte forma:

- 1º) Determinarase o rendemento neto que procedería por aplicación do disposto no número 3 anterior.
 - 2º) Por cada trimestre natural completo de actividade ingresarase a porcentaxe do rendemento neto correspondente, segundo o punto 4 anterior.
 - 3º) A cantidade a ingresar no trimestre natural incompleto obterase multiplicando a cantidade correspondente a un trimestre natural completo polo cociente resultante de dividir o número de días naturais comprendidos no período de exercicio da actividade nese trimestre natural polo número total de días naturais dese trimestre.
- Cando non se puiden determinar ningún dato-base o día en que se inicie a actividade, o pagamento fraccionado consistirá no 2 por 100 do volume de vendas ou ingresos do trimestre.
6. Nas actividades de temporada, para efectos do pagamento fraccionado, calcularase o rendemento neto anual conforme o disposto no número 3 anterior.
- O rendemento diario resultará de dividir o anual polo número de días de exercicio da actividade no ano anterior.
- Nas actividades a que se refire este número, o ingreso a realizar por cada trimestre natural resultará de multiplicar o número de días naturais en que se desenvolve a actividade durante ese trimestre polo rendemento diario e pola porcentaxe correspondente segundo o punto 4 anterior.

RENDEMENTO ANUAL

7. Ao finalizar o ano ou ao se producir o cesamento da actividade ou a terminación da temporada, o contribuínte deberá calcular a media dos signos, índices ou módulos relativos a todo o período en que exercese a actividade durante ese ano natural, procedendo, así mesmo, ao cálculo do rendemento neto que corresponde.

Para efectos de determinar o rendemento neto anual, a media determinarase en función das horas, cando se trate de persoal asalariado e non asalariado, ou días, nos restantes casos, de efectivo emprego, utilización ou instalación, salvo para o consumo de enerxía eléctrica ou distancia percorrida, en que se terán en conta, respectivamente, os quilovatios/hora consumidos ou quilómetros percorridos. Se non for un número enteiro, expresaranse con dúas cifras decimais.

Cando exista unha utilización parcial do módulo na actividade ou sector de actividade, o valor computable será o que resulte do seu rateo en función da súa utilización efectiva. Se non for posible determinar esta, imputarase por partes iguais a cada unha das utilizacións do módulo.

INSTRUCCIÓN PARA A APLICACIÓN DOS ÍNDICES E MÓDULOS NO IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO

NORMAS XERAIS

1. A cota derivada deste réxime especial resultará da suma das cotas que correspondan a cada unha das actividades incluídas nel exercidas polo suxeito pasivo.

Con carácter xeral, a liquidación do imposto sobre o valor engadido pola realización de cada actividade acollida ao réxime especial simplificado resultará da diferenza entre "cotas xeradas por operacións correntes" e "cotas soportadas ou satisfeitas por operacións correntes", relativas a esa actividade, cun "importe mínimo" de cota a ingresar. O resultado será a "cota derivada do réxime simplificado", e debe ser corrixido, como se indica no anexo iii desta orde, coa adición das cotas correspondentes ás operacións mencionadas no punto un. B do artigo 123 da Lei do imposto sobre o valor engadido, e a dedución das cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación de activos fixos.

2. Para efectos do indicado no número 1 anterior, a cota correspondente a cada actividade cuantifícase por medio do procedemento establecido a seguir:

2.1. Cota xerada por operacións correntes.

A cota xerada por operacións correntes será a suma das cotas correspondentes aos módulos previstos para a actividade. A contía dos módulos, pola súa vez, calcularase multiplicando a cantidade asignada a cada un deles polo número de unidades del empregadas, utilizadas ou instaladas na actividade.

Na cuantificación do número de unidades dos distintos módulos teranse en conta as regras establecidas nas instrucións para a aplicación dos signos, índices ou módulos no imposto sobre a renda das persoas físicas e a que se establece a seguir:

Persoal empregado. Como persoas empregadas consideraranse tanto as non asalariadas, incluíndo o titular da actividade, como as asalariadas.

2.2. Diferenza entre a cota xerada e as cotas soportadas por operacións correntes.

Da cota xerada por operacións correntes poderanse deducir as cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación de bens e servizos, distintos dos activos fixos, destinados ao desenvolvemento da actividade, nos termos establecidos no capítulo I do título VIII da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido e no Regulamento do tributo, considerándose para estes efectos activos fixos os elementos do inmovilizado. Tamén poderán ser deducidas as compensacións agrícolas a que se refire o artigo 130 da Lei 37/1992, satisfeitas polos suxeitos pasivos pola adquisición de bens ou servizos a empresarios acollidos ao réxime especial da agricultura, gandaría e pesca. Non obstante, será deducible o 1 por cento do importe da cota xerada por operacións correntes, en concepto de cotas soportadas de difícil xustificación.

No exercicio das deducións a que se refire o parágrafo anterior aplicaranse as seguintes regras:

1º. Non serán deducibles as cotas soportadas polos servizos de desprazamento ou viaxes, hostalaría e restauración no suposto de empresarios ou profesionais que desenvolvesen a súa actividade en local determinado. Para estes efectos, considerárase local determinado calquera edificación, excluíndo os almacéns, aparcaoires ou depósitos fechados ao público.

2º. As cotas soportadas ou satisfeitas só serán deducibles na declaración-liquidación correspondente ao último período impositivo do ano en que se deban entender soportadas ou satisfeitas, polo que, con independencia do réxime de tributación aplicable en anos sucesivos, non procederá a súa dedución nun período impositivo posterior.

3º. Cando se realicen adquisicións ou importacións de bens e servizos para a súa utilización en común en varias actividades polas cales o empresario ou profesional estea acollido a este réxime especial, a cota deducible en cada unha delas será a que resulte do rateo en función da súa utilización efectiva. Se non for posible aplicar este procedemento, imputaranse por partes iguais a cada unha das actividades.

2.3. Cota derivada do réxime simplificado.

A cota derivada do réxime simplificado será a maior das dúas cantidades seguintes:

- a resultante do número 2.2 anterior.

Nas actividades de temporada esa cantidade multiplicarase polo índice corrector previsto no número 6 seguinte.

- a cota mínima, incrementada no importe das cotas do imposto sobre o valor engadido ou tributo similar soportadas fóra do territorio de aplicación do imposto, que fosen devoltas ao suxeito pasivo no exercicio, e que correspondan a bens ou servizos adquiridos para seren utilizados no desenvolvemento da actividade acollida ao réxime simplificado.

A citada cota mínima resultará de aplicar a porcentaxe, establecida para cada actividade, que figura no anexo II desta orde, sobre a cota xerada por operacións correntes, definida no número 2.1 anterior.

Nas actividades de temporada, esta cota mínima multiplicarase polo índice corrector previsto no número 6 seguinte.

COTAS TRIMESTRAIS

3. O resultado de aplicar o indicado no número 2 anterior será calculado polo suxeito pasivo ao termo de cada exercicio, ben que nas declaracións-liquidacións correspondentes aos tres primeiros trimestres de cada ano natural, o suxeito pasivo realizará, durante os vinte primeiros días naturais dos meses de abril, xullo e outubro, o ingreso á conta dunha parte da cota derivada do réxime simplificado, que resultará de aplicar a porcentaxe sinalada a seguir para cada actividade, á cota xerada por operacións correntes, calculada de acordo co sinalado no número 2.1 anterior:

IAE	ACTIVIDADE ECONÓMICA	PORCENTAXE
314 e 315	Carpintería metálica e fabricación de estruturas metálicas e caldeiraría	9%
316.2, 3, 4 e 9	Fabricación de artigos de ferraxaría, cerrallaría, parafusaría, derivados do arame, utensilios de cociña e outros artigos en metais non clasificados noutra parte	10%
419.1	Industrias do pan e da bolaría	6%
419.2	Industrias da bolaría, pastelería e galletas	9%
419.3	Industrias de elaboración de masas fritas	10%
423.9	Elaboración de patacas fritas, flocos de millo e similares	10%
453	Confección en serie de roupa de vestir e os seus complementos, excepto cando a súa execución se realice maioritariamente por encarga a terceiros	10%
453	Confección en serie de roupas de vestir e os seus complementos executada directamente pola propia empresa, cando se realice exclusivamente para terceiros e por encarga	10%
463	Fabricación en serie de pezas de carpintería, parqué e estruturas de madeira para a construción	10%
468	Industria do moble de madeira	10%
474.1	Impresión de textos ou imaxes	9%
501.3	Albanalaría e pequenos traballos de construción en xeral	2%
504.1	Instalacións e montaxes (excepto fontanaría, frío, calor e acondicionamento de aire)	9%
504.2 e 3	Instalacións de fontanaría, frío, calor e acondicionamento de aire	10%

IAE	ACTIVIDADE ECONÓMICA	PORCENTAXE
691.2	Reparación de vehículos automóbiles, bicicletas e outros vehículos	9%
691.9	Reparación de calzado	15%
691.9	Reparación doutros bens de consumo non clasificados noutra parte. (excepto reparación de calzado, restauración de obras de arte, mobles, antigüidades e instrumentos musicais)	15%
692	Reparación de maquinaria industrial	9%
699	Outras reparacións non clasificadas noutra parte	10%
721.1 e 3	Transporte urbano colectivo e de viaxeiros por estrada	1%
721.2	Transporte por autotaxis	10%
722	Transporte de mercadorías por estrada, excepto residuos	9%
722	Transporte de residuos por estrada	1%
751.5	Engraxamento e lavado de vehículos	9%
757	Servizos de mudanzas	9%
933.1	Ensinso de conducción de vehículos terrestres, acuáticos, aeronáuticos, etc.	15%
933.9	Outras actividades de ensino, tales como idiomas, corte e confección, mecanografía, taquigrafía, preparación de exames e oposicións e similares non clasificados noutra parte.	15%
967.2	Escolas e servizos de perfeccionamento do deporte	2%
971.1	Tinxidura, limpeza en seco, lavado e pasada de ferro de roupas feitas e de roupa e artigos do lar usados	15%
972.1	Servizos de perneuaria de señora e cabaleiro	5%
972.2	Salóns e institutos de beleza	10%
973.3	Servizos de copias de documentos con máquinas fotocopiadoras	9%

4. Para o cálculo do ingreso correspondente a cada un dos tres primeiros trimestres, os módulos e índices correctores aplicables inicialmente en cada período anual serán os correspondentes aos datos-base do sector de actividade referidos ao día 1 de xaneiro de cada ano.

Cando algún dato-base non se puiden determinar o primeiro día do ano, tomarase o que correspondeu no ano anterior. Esta mesma regra se aplicará no suposto de actividades de temporada.

Cando no ano anterior non se exercea a actividade, os módulos e índices correctores aplicables inicialmente serán os correspondentes aos datos-base referidos ao día en que se inicie.

Se os datos-base de cada módulo non foren un número enteiro, expresaranse con dúas cifras decimais.

5. En caso de inicio da actividade con posterioridade ao 1 de xaneiro ou de cesamento antes do 31 de decembro ou cando concorran ambas as circunstancias, as cantidades a ingresar nos prazos indicados no número 3 anterior calcularanse da seguinte forma:

1º) A cota xerada por operacións correntes determinarase aplicando os módulos do sector de actividade que correspondan segundo o establecido no número 4 anterior.

2º) Por cada trimestre natural completo de actividade ingresarase a porcentaxe correspondente a cada actividade que figura no punto 3 anterior.

3º) A cantidade a ingresar no trimestre natural incompleto obterase multiplicando a cota correspondente a un trimestre natural completo polo cociente resultante de dividir o número de días naturais comprendidos no período de exercicio da actividade nese trimestre natural polo número total de días naturais dese trimestre.

6. Nas actividades de temporada calcularase a cota xerada por operacións correntes conforme o disposto no número 4 anterior.

A cota xerada diaria por operacións correntes resultará de dividir a cota xerada anual polo número de días de exercicio da actividade no ano anterior.

IAE	ACTIVIDADE ECONÓMICA	PORCENTAXE
504.4, 5, 6, 7 e 8	Instalación de pararraios e similares. Montaxe e instalación de cocinas de todo tipo e clase, con todos os seus accesorios. Montaxe e instalación de aparellos elevadores de calquera clase e tipo. Instalacións telefónicas, telegráficas, telegráficas sen fíos e de televisión, en edificios e construcións de calquera clase. Montaxes metálicas e instalacións industriais completas, sen vender nin achegar a maquinaria nin os elementos obxecto da instalación ou montaxe	9%
505.1, 2, 3 e 4	Revestimentos, solados e pavimentos e colocación de illamentos	10%
505.5	Carpintaría e cerralaría	10%
505.6	Pintura de calquera tipo e clase e revestimento con papel, tecidos ou plásticos e terminación e decoración de edificios e locais	15%
505.7	Traballo en xeso e escatola e decoración de edificios e locais	15%
642.1, 2, 3	Elaboración de produtos de chacinaría por retalistas de carne	10%
642.5	Comerciantes retalistas matriculados na epígrafe 642.5 polo asado de polos	10%
644.1	Comercio ao retallo de pan, pastelería, confitaría e similares e de leite e produtos lácteos	6%
644.2	Despachos de pan, pans especiais e bolaría	6%
644.3	Comercio ao retallo de produtos de pastelería, bolaría e confitaría	9%
644.6	Comercio ao retallo de masas fritas, con ou sen cobertura ou recheos, patacas fritas, produtos de aperitivo, froitos secos, lambetadas, preparados de chocolate e bebidas refrescantes	10%
653.2	Comercio ao retallo de material e aparellos eléctricos, electrónicos, electrodomésticos e outros aparellos de uso doméstico accionados por outro tipo de enerxía distinta da eléctrica, ben como mobles de cocina	15%
653.4 e 5	Comercio ao retallo de materiais de construción, artigos e mobiliario de saneamento, portas, ventás, persianas, etc.	4%
654.2	Comercio ao retallo de accesorios e pezas de recambio para vehículos sen motor	4%
654.5	Comercio ao retallo de toda clase de maquinaria (excepto aparellos do lar, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos)	4%
654.6	Comercio ao retallo de cubertas, bandas ou bandaxes e cámaras de aire para vehículos terrestres sen motor, excepto as actividades de comercio por xunto dos artigos citados	4%
659.3	Comerciantes retalistas matriculados na epígrafe 659.3 polo servizo de recolla de negativos e outro material fotográfico impresionado para o seu procesamento en laboratorio de terceiros e a entrega das correspondentes copias e ampliacións	4%
663.1	Comercio ao retallo fóra dun establecemento comercial permanente dedicado exclusivamente á comercialización de masas fritas, con ou sen cobertura ou recheos, patacas fritas, produtos de aperitivo, froitos secos, lambetadas, preparación de chocolate e bebidas refrescantes e facultado para a elaboración dos produtos propios de churraría e patacas fritas na propia instalación ou vehículo	6%
671.4	Restaurantes de dous garfos	4%
671.5	Restaurantes dun garfo	6%
672.1, 2 e 3	Cafetarías	4%
673.1	Cafés e bares de categoría especial	2%
673.2	Outros cafés e bares	2%
675	Servizos en quioscos, postos en mercados, barracas ou outros locais análogos	1%
676	Servizos en chocolatarías, xeadarías e orehatarías	6%
681	Servizo de hospedaxe en hoteis e moteis dunha ou dúas estrelas	6%
682	Servizo de hospedaxe en hostais e pensións	6%
683	Servizo de hospedaxe en fondas e casas de hóspedes	9%
691.1	Reparación de artigos eléctricos para o lar	15%

ANEXO III

NORMAS COMÚNS A TODAS AS ACTIVIDADES

IMPUESTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS

Nas actividades a que se refire este número, o ingreso a realizar por cada trimestre natural será o resultado de aplicar a porcentaxe correspondente a cada actividade, que figura no número 3 anterior, ao produto de multiplicar o número de días naturais en que se desenvolve a actividade durante ese trimestre pola cota xerada diaria por operacións correntes.

A cota calculada segundo o disposto neste número incrementárase por aplicación dos seguintes índices correctores:

- Até 60 días de temporada: 1,50.
- De 61 a 120 días de temporada: 1,35.
- De 121 a 180 días de temporada: 1,25.

Este índice aplicarase en función da duración da temporada.

Terán a consideración de actividades de temporada as que habitualmente só se desenvolvan durante certos días do ano, continuos ou alternos, sempre que o total non exceda 180 días por ano.

En todas as actividades de temporada, o suxeito pasivo deberá presentar declaración-liquidación na forma e prazos previstos no Regulamento do imposto, aínda que a cota a ingresar sexa de cero euros.

7. No suposto de actividades accesorias de carácter empresarial ou profesional, cuantificarase o importe do ingreso trimestral aplicando a cantidade asignada para o módulo "Importe das comisións ou contraprestacións" sobre o total dos ingresos do trimestre procedentes desa actividade accesoría.

COTA ANUAL

8. Ao finalizar o ano ou ao se producir o cesamento da actividade ou a terminación da temporada, para o cálculo da cota anual xerada e o seu reflexo na última declaración-liquidación do exercicio, o suxeito pasivo deberá calcular a media dos signos, índices ou módulos relativos a todo o período en que exerceu a actividade durante ese ano natural.

9. A media dos signos, índices ou módulos determinarase en función das horas, cando se trate de persoal asalariado e non asalariado, ou días, nos restantes casos, de efectivo emprego, utilización ou instalación, salvo para o consumo de enerxía eléctrica ou distancia percorrida, en que se terán en conta, respectivamente, os quilómetros/hora consumidos ou quilómetros percorridos. Se non for un número enteiro, expresarase con dúas cifras decimais.

Cando exista unha utilización parcial do módulo na actividade ou sector de actividade, o valor computable será o que resulte do seu rateo en función da súa utilización efectiva. Se non for posible determinar esta, imputarase por partes iguais a cada unha das utilizacións do módulo.

10. Na última declaración-liquidación do exercicio calcularase a cota derivada do réxime simplificado, conforme o procedemento indicado no número 2 anterior, detraéndose as cantidades liquidadas nas declaracións-liquidacións dos tres primeiros trimestres do exercicio.

Se o resultado for negativo, o suxeito pasivo poderá solicitar a devolución na forma prevista no artigo 115, número un, da Lei do imposto, ou optar pola compensación do saldo ao seu favor nas seguintes declaracións-liquidacións periódicas.

11. A declaración-liquidación correspondente ao último trimestre do ano natural deberá presentar durante os trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro.

12. A liquidación das cotas correspondentes ás operacións indicadas no punto un.B do artigo 123 da Lei do imposto e a dedución das cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación de activos fixos efectuarase na forma indicada no anexo III, número 4, desta orde ministerial.

1. Cando o desenvolvemento de actividades empresariais ou profesionais ás cales resulte de aplicación este réxime se vir afectado por incendios, inundacións, afundimentos ou grandes avarías no equipamento industrial, que supoñan alteracións graves no desenvolvemento da actividade, os interesados poderán solicitar a redución dos signos, índices ou módulos na administración ou delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao seu domicilio fiscal, no prazo de trinta días contados desde a data en que se produzan, presentando as probas que consideren oportunas e facendo mención, se é o caso, das indemnizacións a percibir por razón de tales alteracións. Acreditada a efectividade desas alteracións, poderase autorizar a redución dos signos, índices ou módulos que proceda.

Igualmente, poderase autorizar a redución dos signos, índices ou módulos cando o titular da actividade se encontre en situación de incapacidade temporal e non teña outro persoal empregado. O procedemento para reducir os signos, índices ou módulos será o mesmo que o previsto no parágrafo anterior.

A redución dos signos, índices ou módulos terase en conta para efectos dos pagamentos fraccionados producidos con posterioridade á data da autorización.

2. Cando o desenvolvemento de actividades empresariais ou profesionais ás cales resulte de aplicación este réxime se vir afectado por incendios, inundacións, afundimentos ou outras circunstancias excepcionais que determinen gastos extraordinarios alleos ao proceso normal do exercicio daquela, os interesados poderán minorar o rendemento neto resultante no importe deses gastos. Para isto, os contribuíntes deberán por tal circunstancia en coñecemento da administración ou delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao seu domicilio fiscal, no prazo de trinta días contados desde a data en que se produza, presentando, para isto, a xustificación correspondente e facendo mención, se é o caso, das indemnizacións que se percibirán por razón de tales alteracións. A Administración tributaria verificará a certeza da causa que motiva a redución do rendemento e o importe dela.

3. Nas actividades recollidas no anexo II desta orde, o rendemento neto de módulos incrementárase por outras percepcións empresariais, como as subvencións correntes e de capital.

As prestacións percibidas da Seguridade Social por incapacidade temporal, maternidade, risco durante o embarazo ou invalidez provisoria, se é o caso, tributarán como rendementos do traballo.

IMPUESTO SOBRE O VALOR ENGADIDO

4. A cota derivada do réxime simplificado deberá incrementarse no importe das cotas xeradas polas operacións a que se refire o punto un. B do artigo 123 da Lei do imposto sobre o valor engadido, e poderase reducir no importe das cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación dos activos fixos destinados ao desenvolvemento da actividade. Para estes efectos, consideráranse activos fixos os elementos do inmovilizado e, en particular, aqueles de que se dispoña en virtude de contratos de arrendamento financeiro con opción de compra, tanto se tal opción é vinculante como se non o é.

As cotas correspondentes ás operacións indicadas no punto un.B do artigo 123 da Lei do imposto (adquisicións intracomunitarias de bens, adquisicións con investimento do suxeito pasivo e transmisións de activos fixos) deberán reflectir na declaración-liquidación correspondente ao trimestre en que se xerase o tributo. Non obstante, o suxeito pasivo poderá liquidar tales cotas na declaración-liquidación correspondente ao último período de liquidación do exercicio.

respecto das cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación dos inmobles, buques e activos inmateriais excluídos do réxime até o 1 de xaneiro de 1998.

5. Cando o desenvolvemento de actividades ás cales resulte de aplicación o réxime simplificado se vir afectado por incendios, inundacións, afundimentos ou grandes avarías no equipamento industrial que supoñan alteracións graves no desenvolvemento da actividade, os interesados poderán solicitar a redución dos índices ou módulos na administración ou delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao seu domicilio fiscal no prazo de trinta días contados desde a data en que se produzan tales circunstancias, presentando as probas que consideren oportunas. Acreditada a efectividade desas alteracións ante a Administración tributaria, acordarase a redución dos índices ou módulos que proceda.

Así mesmo, conforme o mesmo procedemento indicado no parágrafo anterior, poderase solicitar a redución dos índices ou módulos nos casos en que o titular da actividade se encontre en situación de incapacidade temporal e non teña outro persoal empregado.

As cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación de activos fixos poderanse deducir, conxuntamente as normas xerais establecidas no artigo 99 da Lei do imposto, na declaración-liquidación correspondente ao período de liquidación en que se soportasen ou satisfíxesen ou nas sucesivas, coas limitacións establecidas nese artigo. Non obstante, cando o suxeito pasivo liquide na declaración-liquidación do último período do exercicio as cotas correspondentes a adquisicións intracomunitarias de activos fixos, ou a adquisicións de tales activos con investimento do suxeito pasivo, a dedución desas cotas non se poderá efectuar nunha declaración-liquidación anterior a aquela en que se liquiden tales cotas.

Na declaración-liquidación correspondente ao último trimestre do exercicio poderá, así mesmo, efectuarse, se é o caso, a regularización da dedución das cotas soportadas ou satisfeitas antes do 1 de xaneiro de 1998 pola adquisición ou importación de bens de investimento afectos ás actividades acollidas ao réxime simplificado, conforme o disposto no artigo 107 da Lei reguladora do imposto sobre o valor engadido, en canto non teña transcorrido o período de regularización indicado en tal precepto. Para estes efectos, considerárase que a *pro rata* de dedución das actividades sometidas ao réxime simplificado até o 1 de xaneiro de 1998 foi cero, salvo

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

20555 *REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias.* («BOE» 287, do 30-11-2007.)

I

Este real decreto lexislativo cumpre coa previsión recollida na disposición derradeira quinta da Lei 44/2006, do 29 de decembro, de mellora da protección dos consumidores e usuarios, que habilita o Goberno para que, no prazo de 12 meses, proceda a refundir nun único texto a Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e as normas de transposición das directivas comunitarias ditadas en materia de protección dos consumidores e usuarios que inciden nos aspectos regulados nela, regularizando, aclarando e harmonizando os textos legais que teñan que ser refundidos.

Para a identificación das normas obxecto de refundición considerouse a listaxe do anexo da Directiva 98/27/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio de 1998, relativa ás accións de cesación en materia de protección dos intereses dos consumidores e usuarios, que identifica as disposicións comunitarias ditadas en materia de protección dos consumidores e usuarios e, en consecuencia, as normas de transposición respecto das cales se debe examinar a procedencia da súa incorporación ao texto refundido.

Analizado en anexo da citada directiva, intégranse no texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias as normas de transposición das directivas comunitarias que, ditadas en materia de protección dos consumidores e usuarios, inciden nos aspectos contractuais regulados na Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, e que establecen o réxime xurídico de determinadas modalidades de contratación cos consumidores, a saber: os contratos subscritos a distancia e os subscritos fóra de establecemento comercial.

A regulación sobre garantías na venda de bens de consumo constitúe transposición de directiva comunitaria que incide no ámbito da garantía regulado pola Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, procedéndose igualmente á súa refundición.

Así mesmo, incorpórase á refundición a regulación sobre viaxes combinadas, por se tratar dunha norma de transposición de directiva comunitaria que se integra no acervo comunitario de protección dos consumidores e establece un réxime xurídico específico na contratación con consumidores non afectado polas normas estatais sectoriais sobre turismo.

Ademais, incorpórase ao texto refundido a regulación sobre a responsabilidade civil por danos causados por produtos defectuosos, norma de transposición de directiva comunitaria que incide en aspectos esenciais regulados na Lei xeral de defensa dos consumidores e usuarios e que, como de xeito unánime recoñece a doutrina e xurisprudencia, require aclarar e harmonizar as súas respectivas regulacións, co obxecto de asegurar unha axeitada integración entre elas, superando aparentes antinomias.

Outras normas de transposición das directivas comunitarias citadas no anexo da Directiva 98/27/CE, non obstante, instrumentan réximes xurídicos moi diversos que regulan ámbitos sectoriais específicos afastados do núcleo básico da protección dos consumidores e usuarios.